

**“MANIFESTOS” EN VERSO EN
FAVOR DA POESIA CIVIL NOS
PRIMEIROS TEMPOS DA POSGUERRA
NA GALICIA DA TERRA E NA
GALICIA EMIGRANTE
(1939-1962)**

DISCURSO LIDO O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 1993,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN, POR
DON XESÚS ALONSO MONTERO
E CONTESTACIÓN DO
EXCMO. SR. DON XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

A CORUÑA
1993



DISCURSO
DE
DON XESÚS ALONSO MONTERO

Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega; señora e señores académicos:

O 29 de xaneiro de 1984 elixístesme membro numerario desta Corporación nun xesto que a quen honra, claramente, é a min. Trátase, sen embargo, dun galardón excesivo para o meu traballo literario, un traballo ben cativo salvo na cantidade e no número de anos a el adicado, máis de trinta naquela data, máis de corenta hoxe.

Estudioso eu do feito lingüístico e literario galego (se ben non exclusivamente), sabedes moi ben que hai, neste meu labor de erudito e de intérprete de textos, capítulos que teñen suscitado -e aínda suscitan- controversia, ás veces feita pública con xestos e xeitos pouco políticos. Non ignorades tampouco que algúns dos meus estudos lingüísticos e histórico-literarios están, en parte, abordados desde unha concepción da cultura -e da sociedade- que non é allea a determinadas páxinas de Marcel Cohen, Engels, Gramsci, Sartre e Lukács. Tal concepción, aínda formulada con matices e con certas reservas, era descalificada, cando non perseguida, en case tódalas instancias do acontecer cultural na Galicia anterior a 1977, e cómpre engadir que despois desta data, dentro e fóra do noso país, son moi escasos, cada vez máis escasos, os foros que brindan respectuosa acollida a esta concepción da sociedade e da cultura.

Rebus sic stantibus, que esta ilustre Corporación recoñeza estes capítulos do meu labor de estudioso é unha mostra ben elocuente do pluralismo que debe caracterizar a unha institución de índole estrictamente intelectual.

Ese 29 de xaneiro esta Corporación acordou, por unanimidade, que eu ocupase o escano dun dos seus membros máis preclaros, o de don Rafael Dieste González, acordo altamente benévolo para co meu traballo e que eu recibín, non sen desconcerto, con inmensa ledicia. Algúns amigos meus, dados á hermenéutica dos xestos e dos galardóns institucionais, teñen interpretado esta vosa decisión como un recoñecemento ó meu traballo filolóxico e literario dentro e fóra das aulas. Tales amigos, máis lonxe da verdade ca de Platón, opinan, asemade, que, cando se elixe a alguén académico, o “porque” é, en certo modo, secundario, e é esencial o “para que”: un é elixido académico para realizar, coa súa voz, na polifonía da institución, un traballo determinado ou para cooperar nunha determinada tarefa.

Quizais haxa dentro e fóra do noso país institucións que teñan como obxectivo fundamental impartir loureiros e convocar ós seus membros, unha ou dúas veces ó ano, para amosaren en público, protocolarios e murchos, eses loureiros. Non debe ser, nin é, esta a función da nosa institución, unha institución concibida, no fundamental, para traballar no eido da Lingua, un eido tan delicado como esencial e unha lingua con serios problemas onte, con novos problemas hoxe e que no futuro vai depender, en non pequena parte, do noso traballo, do noso compromiso intelectual, dos nosos criterios, da nosa pedagogía e dos nosos pronunciamentos en materia filolóxica. Esas son as responsabilidades dunha Academia que ten como lema “Colligit, expurgat, innovat”, lema que non é alleo ó pensamento dos que, en 1905, foron os inspiradores e promotores da nosa Corporación. Refírome ó pensamento de Curros Enríquez e Fontenla Leal, os gloriosos fundadores, nun lugar lonxano da nosa Diáspora, na Habana, da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega, asociación sen a cal quizais non existise hoxe a nosa Corporación. Foron eles, os homes da Asociación, os que consideraron tarefa primordial do labor académico o estudo e a codificación da lingua galega, codificación para a que era urxente a elaboración de dous instrumentos elementais, un Dicionario e unha Gramática. Problemas de moi diversa índole, pero

non só os económicos, impediron que o *Diccionario* ultrapasase a voz “cativo” (¿simbólica?) e que endexamais se publicase a Gramática tan cobizada pola benemérita Asociación da Habana. De feito, hai que chegar a estes últimos anos para atopármonos con actividades e publicacións de Lingüística consontes cos tempos modernos e cos obxectivos (ou cun dos obxectivos fundamentais) da nosa Real Academia. Cómpre ter moi en conta que desde que se promulgou, hai dez anos, a Lei de Normalización Lingüística, a responsabilidade da Academia, verbo do noso idioma, é maior. Para decatármonos desta responsabilidade abonda con ler, unha vez máis, a xa famosa Disposición Adicional: “Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega”.

Xa aquí, suscribo o que hai unha miguiña afirmaba: en importantes aspectos o futuro do idioma galego vai depender, en non pequena medida, do noso traballo, do noso compromiso intelectual, dos nosos criterios, da nosa pedagogía e dos nosos pronunciamentos en materia filolóxica.

Para colaborar nestas tarefas, nin doadas nin sempre ben comprendidas, entendo que fun chamado por vós; quizais, tamén, para colaborar noutros mesteres que, dun xeito ou doutro, complementen ou ilustren esas tarefas. Son consciente, pois, de que ingreso nunha institución que vai ser esixente con todos nós, e vai ser esixente, porque a sociedade (mellor dito, algúns sectores cualificados da nosa sociedade) hai tempo que é, non sen razón, esixente coa Real Academia Galega, e todo fai supoñer que cada vez o será máis.

Foi isto, este horizonte de traballo e de responsabilidade o que motivou, creo, que eu tardase tanto en sumarme ás vosas actividades. Apelo, de novo, á vosa benevolencia para que, en parte, me desculpedes. Como atenuante dun comportamento que sempre desaprobei, práceme comunicarvos que nestes case dez anos de Académico electo intereseime a fondo, penso, pola historia da corporación que hoxe me acolle. Froito deste interese son tres traballos un tanto longos sobre a prehistoria e os inicios da Academia; un curso de doutoramento sobre a súa historia, e unhas cantas páxinas dispersas, ademais dalgunhas conferencias, sobre tales ou cales aspectos da súa aqueloutrada existencia. Como vedes, adiqueime a facerlle as beiras á Institución sen atreverme a ingresar no templo, que a tanto obriga e compromete. Hoxe, pois, co concurso xeneroso da vosa benevolencia, ingreso na Casa da Palabra.

A responsabilidade da condición de académico, nada pequena, agrándase cando, como no meu caso, un vai exercela desde o escano que ocupou, durante dez anos, un ser humano e un escritor das características de Rafael Dieste. Sabido é que o regulamento desta Corporación esixe face-la semblanza e maila gabanza do noso predecesor, cláusula, non indiscutible nin indiscutida, que expresa ben ás claras a política de boas maneiras que debe presidi-lo comportamento público e privado destas Institucións. Estou convencido, pola miña parte, de que un non pequeno nivel de urbanidade, lonxe de compromete-la función intelectual destes Corpos Literarios, favorece esa misión. Trátase dunha actitude que, por outra parte, non lle fai mal a ninguén, sobre todo a mi cando chegue o día, quizais non moi lonxano, en que alguén ocupe o sillón desde o que desde hoxe vou traballar. Futurismos á parte, como eu teño o privilexio, o alto privilexio, de suceder a don Rafael Dieste, o meu problema, paradoxalmente, plantéamo a mesma lei, esa norma segundo a cal é de obrigado cumprimento louvar ó antecesor,

louvanza que eu faría mesmo no caso en que algunha lei o prohibise. Pero a abriga, nesta concreta ocasión, constitúe unha cobizada e gozosa tarefa, gozo e cobiza que non é milagre en quen, desde hai non poucos anos, sente devoción pola personalidade moral de Rafael Dieste e admiración pola súa obra literaria.

Aínda así, non esperedes de min, neste trance, un estudio pormenorizado desa obra. Sabedes moi ben que se trata, no caso de Rafael Dieste, dun longo e polifacético labor e tamén sabedes que unha boa parte dese labor posúe complexidades de consideración. Tal estudio, aínda exposto dun xeito lacónico, abranguería as páxinas todas dun moi extenso discurso. Nese traballo o estudioso debería debruzarse, dun xeito moi intenso, sobre un capítulo da vida -e da obra- de Dieste: os longos anos vividos no exilio despois da Guerra Civil, anos nos que o cidadán e escritor Rafael Dieste foi circio cos seus deberes e cos seus soños.

Tense falado centos de veces dos dramas e das desventuras dos exiliados, pero non se ten falado dabondo sobre o escritor que, no exilio, lonxe do seu público, cando non da súa lingua, vese na obriga de cuestionar, se non a súa condición de escritor, certas modalidades do seu exercicio. A peripecia de Dieste pode ser ilustrativa, pois no desterro, que, ás veces, debeu (de) sospeitar eterno, non publicou, nin escribiu libros en galego. Recórdese que as dúas grandes aportacións á literatura de ficción na nosa lingua son anteriores á Guerra dos Tres Anos: *Dos arquivos do trasno*, de 1926, e *A fiestra valdeira*, de 1927. Cando Dieste retorna do exilio, en 1961, despois de vintecinco anos de éxodo, publicará, en castelán, dúas obras “estrañas” nun home de Letras do século XX: *¿Qué es un axioma?*, de 1967, e *Testamento geométrico*, de 1975, o seu derradeiro volume. Son dous libros que, sen convenceren, estrictamente, ós matemáticos, conteñen meditacións non exentas de brillantez¹. O outro volume publicado nos vinte anos de reinstalación en Galicia tampouco pertence á literatura de ficción. Titulado *Diálogo de Manuel y David y otros ensayos* (1965), hai que inscribilo, de cheo, no xénero das cavilacións filosóficas. Repárese que no Diálogo Manuel é Kant e David, Hume, e sáibase que entre os “ensayos” o máis longo titúlase “Variaciones sobre Zenón de Elea”. É este o libro que suscita unha carta entusiasta de Ramón Piñeiro que termina con estas palabras: “Eu coido que esta singular capacidade poética, patente incluso no teu riguroso e sutil esculcar filosófico; ise máxico don de iluminar gracilmente o mundo a través da palabra oral ou escrita, ha de lles percurar ás letras galegas páxinas insuperables na súa perfeición artística. Tal arelo. Tal agardo”². Pese á intelixente invitación que lle fai un home con autoridade para facela, a ensaística de tema “universal” publicada por Dieste entre 1961 e 1981 serán páxinas e páxinas escritas en castelán. Só algúns traballos, en certo modo menores, e sobre temas “do país”, foron escritos en galego³.

Quen vivira durante tanto tempo noutras terras e noutros espacios idiomáticos (Madrid, Valencia, Barcelona, Arxentina, México, Inglaterra e, de novo, Arxentina) volve ó país natal con modos e preferencias intelectuais non sempre consonantes coas inquedanzas que converteron a Dieste, mozo aínda, case nun clásico da nosa literatura. En vintecinco anos de transterrado, as musas de Dieste foron, case sempre, as da filosofía e as da teorización. Verbo do seu bilingüismo cómpre ter en conta as observacións feitas por

¹ Xa publicara en Atlántida de Buenos Aires. en 1956, *Nuevo tratado del paralelismo*.

² A carta, do 6-1 0-1 965, publícase en *Rafael Dieste...*, p. 195. (V. n. 7.).

³ Pénsese, por exemplo, nos prólogos ós *25 debuxos de Manuel Colmeiro* (Galaxia, 1964) e ó *Pranto matricial* de V. Paz-Andrade (Edicións do Castro, 1975). Verbo de *A vontade de estilo na fala popular*, téñase en conta o tema e a tribuna na que se proferiu ese discurso.

Carballo Calero en 1982⁴, pero só en parte porque tamén cómpre ter en conta unha declaración do propio Dieste de 1921⁵.

Xa aquí, imponse declarar e aclarar que o Rafael Dieste que volve a Rianxo en 1961 e que durante máis de dúas décadas fora solicitado por musas distintas das de 1926 e 1927, non abdica, alá no cerne da súa intimidade, das bandeiras defendidas en situacións de tanta dificultade e dureza. Próbao, elocuentemente, unha anécdota verbal que algúns de vós coñecedes e que foi protagonizada por Rafael Dieste, na casa dun vello e problemático amigo, poucos días despois do 23 de febreiro (o 23 de febreiro por antonomasia). Nesa ocasión, nunha especie de arrouxada (tan infrecuente nun clásico do dicir), berrou fóra de si: “Pois eu volvería a loitar no mesmo lado; e volvería ó exilio”. Foron ditas, estas palabras, un día de marzo de 1981 por un home que xa cumprira oitenta e dous anos e por un espírito que, no fondo, nacera para pedagogo de cátedra ou poeta solitario.

Nunha Academia como a nosa, o que importa, fundamentalmente, de Rafael Dieste ou de quen for, é a condición de escritor, a obra literaria, ben entendido que, noutros foros ou institucións, pode interesar máis o cidadán, e dentro da súa biografía o circio fío moral que, como no caso de Dieste, atravesa e artella unha vida de ademáns sobrios, pouco amiga de xestos e atenta, a cotío, como unha páxina de Azorín, ó latexo íntimo e delicado dos aconteceres por ruidosos que estes fosen. Certamente, como home e como escritor sabía moi ben distingui-las voces dos ecos e os modos das modas. É esta a impresión que eu tirei nos poucos contactos tidos con el nos derradeiros anos da súa vida, impresión que amigos comúns de moi diversa índole me teñen confirmado e precisado.

De tódalas maneiras, a biografía de Rafael Dieste importa nesta Casa dun xeito especial para poder entende-lo porqué de certas opcións intelectuais, as literarias incluídas. Nesa vida, como xa levo esbozado, o seu longo desterro constitúe un capítulo que cumprirá ter, termos, moi en conta. Dieste, por outra parte, viviu transterrado, voluntariamente, noutras etapas da súa existencia, unha moi importante na súa biografía intelectual: os catro anos nos que foi peza fundamental nas Misións Pedagóxicas, aquela extraordinaria experiencia protagonizada no fervor cultural da II República.

Non me propoño nesta ocasión, tal como deixo dito, face-lo estudio de Rafael Dieste como intelectual e escritor, traballo xa levado a cabo, en non desdeñable parte, por outros estudiosos. Mesmo parcelas moi valiosas do seu labor foron examinadas con intelixencia en vida do noso autor.

Aí está, en primeiro lugar, o retrato que o noso Presidente fixo da súa figura intelectual cando, o 18 de abril de 1970, foi recibido como membro de número desta Corporación o noso escritor. Pero recórdense, entre outras páxinas, as que Ricardo Carballo Calero lle adicou, en 1975, na súa *Historia da literatura galega contemporánea*; tamén se publicou en vida do noso ilustre colega *La creación literaria*

⁴ “Rafael Dieste no novecentismo”, *Grial*, 78, 1982, pp. 401 -409 (especialmente, 402-403 e 409).

⁵ “Xa sabes que moitas cousas me emparentan á vosa loita: o federalismo, o galeguismo, o anticaciquismo. Quizaves as nosas diferencias non sexan máis que a menor importancia que eu concedo en Galicia ó nazonalismo lingüista. e a miña maneira de ver a virtualidade galega: non aislada, senón como cooperadora da gran aventura española” (Carta a Manuel Antonio, 30-4-1921, *Grial*, 78, p. 456).

Dieste, como tantos outros escritores galegos, contemporáneos ou non, opta, xa polo galego, xa polo castelán, opcións que sería útil -e urxente- estudar en función dos xéneros, dos temas, das peripecias biográficas, dos lugares de residencia (e proxección), etc.

de Rafael Dieste (1980), da estadounidense Estelle Irizarry, libro no que se examina o labor literario que o noso escritor publicou en galego e en castelán; ó ano da súa morte a revista Grial adícalle un número monográfico, o 78, no que non escasean as páxinas esclarecedoras, e, en 1987, Luis Rei Núñez publica unha minuciosa investigación co título *A travesía dun século (Biografía de Rafael Dieste)*. Este libro, como o da profesora estadounidense, foi publicado por Edicións do Castro, cálido fogar editorial do noso escritor.

Conviría sinalar que, en Galicia, o autor de *Dos arquivos do trasno* e de *A fiestra valdeira* estivo, nunha ou noutra medida, sempre presente, pero, en canto á súa obra en castelán, publicada, en boa parte, no exilio, os lectores non profesionais de Madrid, de Salamanca ou de Barcelona, aínda os de máis curiosidade, nada, ou case nada, sabían do autor de *Rojo farol amante* (1933), *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943), *Viaje, duelo y perdición* (1945), *Luchas con el desconfiado* (1948), etc. Estes e outros títulos, publicados hai décadas na súa etapa de escritor transterrado, están sendo reeditados desde 1974 por importantes editoriais españolas. Deste xeito, a obra de Dieste, capítulo moi importante do labor intelectual da España Peregrina, empeza -empeza só- a ser coñecida e estimada fóra de Galicia, tarefa á que teñen contribuído notablemente, nestes anos, críticos e estudiosos como Javier Alfaya, Carlos Gurméndez, Luis Suñén, Manuel Andújar, César Antonio Molina⁶, Ricard Salvat... No capítulo das traducións, aínda bastante exiguas, habería que destaca-la fortuna e o voo de *Félix Muriel*, verquido ó francés e ó inglés desde 1986 para a colección dos Aviións de Iberia. E cómpre subliñar, con ledicia, que desde hai dous anos os estudiosos esixentes contan cun volume monográfico publicado pola editorial Anthropos tamén afortunado no título: *Rafael Dieste / La creación como el puro amanecer constante de la palabra. Historias e invenciones, pensamientos y poéticas de la memoria*⁷. Esta editorial acaba de contrae-lo compromiso de editar, co coidado debido, as *Completas*⁸ de Dieste en varios volumes: Narrativa, Teatro, Poesía, Ensaíos, Artigos e Epistolario, capítulo este rico en virtudes de estilo e cheo de suxestións intelectuais⁹.

Pero eu non me propoño nesta ocasión, como xa dixen, face-lo estudio biográfico e literario de Rafael Dieste, en parte xa realizado con éxito polos estudiosos que acabo de mencionar e por algúns outros. Hai tempo, sen embargo, que unha dimensión de Dieste solicita moi vivamente a miña atención. En realidade, máis ca solicitude, é unha chamada á que non podo, nin quero, subtraerme. O tema, que quizais conviría titularlo “Actitude de Rafael Dieste ante a Palabra, ante as palabras”, quixera esbozalo xusto nesta ocasión. Non fai falta, señoras e señores, que aclare que se trata dun asunto filolóxico enteiramente axeitado para ser tratado nunha academia que é -ou debería ser- a Casa da Palabra: a Casa que vela pola Palabra, polas palabras.

Tratei pouco a Rafael Dieste, unha desas persoas que un quixera ter ó seu dispor,

⁶ Traductor (ó castelán), tamén, de *Dos arquivos do trasno*, Espasa Calpe, col. Austral, Madrid, 1989.

⁷ Barcelona, 1991.

Para datos bibliográficos que non preciso debidamente no texto deste Discurso, remito ó exemplar capítulo redactado por Carmen Muñoz co título “Bibliografía de y sobre Rafael Dieste”, pp. 152-57.

Non se consignan nesta publicación dous volumes recentes: *Encontros e vieiros* (Edicións do Castro, 1990), once conferencias, da súa derradeira etapa, en ed. de Arturo Casas; *Guerra literaria* (id., 1991), escritos do período da Guerra Civil en ed. de Claudio Rodríguez Fer.

⁸ Ó coidado de Darío Villanueva (director do proxecto editorial), X. Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos, Arturo Casas, D. García-Sabell e Ricard Salvat.

⁹ O profesor X. L. Axeitos iniciou a publicación do epistolario de Dieste (cartas de e cartas a) no *Boletín Galego de Literatura* (desde o n.º 5, 1991).

ou ó seu carón, cen e cen veces. É o que penso, non sen melancolía, de Carlos Maside, de Lorenzo Varela, de Luís Seoane... e, mesmo, dun home co que departín, durante moitos anos, centos de horas, Ramón Piñeiro, nome que é para min como unha señardade.

Conversei con Dieste poucas veces e pouco tempo, agás nun encontro inesquecible. Pois ben, aínda no máis curto e circunstancial dos encontros, non era posible comportarse, ante el, como un transeúnte. Cando Dieste se comunicaba con un, o engado procedía da súa ponderada cultura, da súa sensibilidade e da peculiar utilización do idioma, conxugadas, estas tres finas armas, dun xeito moi especial. En realidade, non era preciso precoñece-la súa biografía e a súa bibliografía para recibir, na conversa, de cheo, este morno orballo de sabedoría, de cultura e de delicadeza moral e intelectual.

Un día, que non podo precisar, de 1976, acabei de ver claro, máis claro. O encontro, de horas, tivo lugar na Coruña, no fogar galego de Luís Seoane e Maruxa, onde Rafael e mais eu, a pouco de iniciarse a xuntanza de varios amigos, fixemos un aparte para falarmos de algo que en min era profesión e nel vocación e adicación: de palabras. Estaba xa publicado, por Edicións do Castro, o seu discurso académico, que, neste momento, interésame de maneira especial. Empecei “chufándolle” o título, que todos vós recordades moi ben: *A vontade de estilo na fala popular*¹⁰ título dun traballo que Dieste, na miña opinión, só esbozou nesta sesión académica. A min xa me impresionara en 1957 o título dun sagaz libro de Juan Marichal, *La voluntad de estilo*¹¹, que calca, como nos ilustra o autor, o termo alemán “Stilwille”. Esta vontade de estilo, que Marichal detecta e explora nalgúns dos grandes ensaistas hispánicos (Feijoo, Unamuno, Ortega, Américo Castro, Pedro Salinas...) procura Dieste en certas manifestacións lingüísticas da xente do común, xa que “o pobo -precisa- non é alleo aos xuízos valorativos ou estimativos no tocante á fala”¹². É lástima, penso agora, que Rafael nun traballo de título tan suxeridor non sempre exemplificase cos usos idiomáticos populares que o título parecía demandar; tamén é lástima que Dieste non volveuse sobre o tema do seu discurso. Recórdese, sen embargo, que xa nun artigo de 1927, “A un rapaz moi novo, que escribe”, entendía o estilo deste xeito: “E, sobor de todo, non esquezas que sen finura de espírito non hai finura de estilo. Nin sequera estilo”¹³.

Naquela conversa de 1976, tan chea de celme pola súa parte, Rafael contoume unha anécdota sobre a palabra “ronsel”, anécdota que, polo que sei, nunca estampou por escrito. A palabra, prodigada polos nasos escritores desde que deu título, en 1924, a unha orixinal revista literaria de Lugo, impresionou tanto a Ortega y Gasset, na fala e na glosa de Rafael Dieste, que, pouco tempo despois, introducía, no seu prodixioso castelán, o noso suxerente vocábulo, se ben Rafael non soubo precisar, naquel noso diálogo, en qué ensaio ou artigo de Ortega apareceu a nosa prestixiosa palabra. Logo falamos doutras palabras, porque Dieste, como Nogueira, personaxe de *A fiestra valdeira*, tiña, sen dúbida ningunha, entre outras vocacións, a de anotador de palabras¹⁴.

A preocupación de Rafael pola lingua e polas distintas modalidades da lingua

¹⁰ Publicado, coa resposta de Domingo García-Sabell, por Edicións do Castro, en 1971, un ano despois da recepción académica.

¹¹ *La voluntad de estilo* (Teoría e historia del ensayismo hispánico), Seix Barral, Barcelona, 1957.

¹² Op. cit., p. 18.

¹³ *Antre a terra e o ceo*, Edicións do Castro, 1981, p. 154.

¹⁴ Nalgunha parte teño lido que Nogueira é trasunto de Xosé Filgueira Valverde.

amósase xa nos seus primeiros escritos. Que un escritor, sen ser lingüista de oficio, teorice ou reflexione sobre as palabras, é tarefa que ten orixinado, aquí e fóra, páxinas moi incitantes, non sempre superadas polos filólogos de profesión. Os escritores que, nun momento dado, deciden escribir nunha lingua B, nunha lingua de minorizado estatus, son moi propensos a faceren estas cavilacións, entre as que hai que inscribi-las páxinas daquel mozo de 26 anos que afiou as súas primeiras armas literarias en dous xornais vigueses, *Galicia* e *El Pueblo Gallego*. Nestes dous periódicos publicou Rafael Dieste, entre 1925 e 1927, cento catorce artigos no noso idioma, recolleitos, en 1981, no volume *Antre a terra e o ceo*. Ese volume, tan representativo do momento en que Dieste se estrea como escritor, contén un número significativo de artigos de tema lingüístico, algúns con títulos como “Esprito e fala”, “O xenio da lingua e a pasión”, “Galego popular e galego literario”, “Cómo fala o pobo”... No primeiro destes traballos, de 1925, Dieste, partidario do enxebrismo, sabe ben que o enxebrismo é, ás veces, sinónimo de rusticidade, exposto o cal ten a sagacidade, e a valentía, de escribir: “Non lle quero negar ao rústico moitas e moi outas virtudes que, sen dúbida, ten. O que si quixera pór de manifesto é que as virtudes do rústico non son tódalas virtudes dunha raza, que non soio no campo está a virtude (topámola tamén na cidade e na ribeira), e que hai, en fin, no campo moitos e moi dañentos resabios que cómpre cercear. Eisaltalos pode estar ben como retrouso dun día, mais non como norma de tódolos días”¹⁵

Non se vexa, nesta formulación, actitude libresca, arcaizante ou artificial. Nesas prosas de mocidade atopamos textos abondos nos que se afirma, como nun dos artigos mencionados, que “non hai mellor mestre que o pobo en cousas de fala”, se ben de contado matiza dun xeito moi diesteano: “...cando sabemos escoitalo e temos tino dabondo pra escolma-lo bo e desbota-lo refugallo”¹⁶. É xusto neste ensaio, “Cómo fala o pobo”, onde Dieste recolle ditos emitidos pola xente do común que, como respostas a certas situacións, conteñen un certo aquel literario. Paga a pena reproducir un: “A un mozo ouvímoslle dicir dunha cadeira torta: -Non se sente nela que está estrangoadada. Estrangoadada... ¡Fóra de ángulo!”¹⁷. Este é un exemplo, ó meu ver, moi elocuente do que é “vontade de estilo na fala popular”, para dicilo cos termos empregados nun traballo seu en que Dieste foi moi parco en exemplos desta fasquía e condición.

Nun tempo en que non se elaboraban criterios idiomáticos de calidade e ponderación Dieste foi capaz de propoñer: “Hai que faguer unha lingoa que poida ser falada con toda mesura por unha estatua”¹⁸. Son as palabras dun xornalista que escribe, como tódolos bos xornalistas, en clave de escritor. O título do artigo non debe ser omitido: “O xenio da língoa e a pasión contida”.

Nun breve ensaio de 1926, “Galego popular e galego literario”, Dieste invita ós escritores a que escoiten ben ó pobo porque “o galego literario que tende a se impor é unha lingoa viva e ben viva, de fonte popular, que só se diferencia da lingoaxe rústica e mariñeira nunha maior premeditación, propia de toda lingoaxe literaria”¹⁹. Unha vez máis, este saboreador da fala popular, proponnos un exercicio de agricultura, ou sexa, de cultivo da fala do agro.

Un intelectual das características de Rafael Dieste non podía estar alleo, no seu tempo, en materia de lingua, ó problema da grafía, das grafías do galego. En 1925

¹⁵ Op. cit., p. 7.

¹⁶ Op. cit., p. 87.

¹⁷ Op. cit., p. 89.

¹⁸ Op.cit., p.21.

¹⁹ Op. cit., p. 76.

Dieste está, enteiramente, cos non etimoloxistas. “Uns dámolo noso voto polo *x*. Outros, tendo en conta razóns etimolóxicas, e tamén políticas (Portugal) prefiren *j* e *g*”²⁰. Polas mesmas datas, verbo do galego e o portugués, fai unha proposta de concordia nestes termos: “Mais o feito de que, polo dagora, non se deban xuntar pra que non se perdan certos xeitos de dicir na total fusión, non impide que se acheguen pra se enriquezaren sen se desvirtuaren”²¹. Meses despois, ó retoma-la cuestión da ortografía, aconsella a solución “demótica”, para aquel concreto momento, nos periódicos, ó tempo que parece inclinarse en favor doutras solucións cando “se lles ensine aos nenos das escolas a leren en galego”²².

Se ben é certo que neste artigo de 1926 (“A fala galega”) non rexeita, no futuro, usos e formas que hoxe se calificarían de reintegracionistas, debo confesar que nas manifestacións posteriores do noso autor (55 anos) non teño atopado pronunciamento ningún sobre este problema. Para sabérmo-lo que Rafael Dieste pensaba medio século despois hai que atermos á súa práctica lingüística, especialmente ó seu discurso académico de 1970, que, nin nos grafemas nin noutros rasgos, contradí a súa teoría e a súa praxe de mocidade.

Dieste, que non era un lingüista de oficio pero que era un profesor de palabras, foi un extraordinario conversador. Ramón Piñeiro, que o tratou e observou a fondo, tivo que titular un artigo de homenaxe desta maneira: “Parolar con Rafael Dieste”. O artigo de Piñeiro termina cunha afirmación que semella, pero non o é, unha hipérbole: “Rafael Dieste foi un artista máximo da palabra viva”²³. Un observador moi distinto, Antonio Sánchez Barbudo, nun artigo titulado “Rafael Dieste, el elocuente y genial amigo”, chega a afirmar: “Y es que esa forma rara, poco común, de hablar y comunicarse era en él lo cotidiano, lo natural”²⁴. Sen dúbida, en Dieste, un acto de comunicación era, como manda a etimoloxía, un acto de comunión.

En efecto, pertencía Rafael a esa familia de seres humanos, cada vez menos numerosa, para os que falar con quen sexa e onde sexa implica, sempre, facelo con coidado, con esixencia, con cultura. Tan convencido estaba do respecto que esixe o falar, mesmo o falar por falar, que nel, esa actitude culta, selectiva e coidadosa en extremo, parecía(nos) a súa respiración lingüística natural. Non era posible, escoitándoo, na casa ou no café, non disfrutar do seu falar, quizais debido, en boa parte, ó feito de que el, ó facelo, experimentaba unha certa fruición, o que non implica que Dieste se escoitase e recrease. Algunha vez teño pensado que esta actitude culta (sen pedanterías) ó falar, nel “natural”, foi reforzada nos anos da II República cando estableceu contactos importantes cos homes e as mulleres da Institución Libre de Enseñanza, pedagogos tamén ó trataben coas palabras. Para os institucionistas, desde don Francisco Giner a don Alberto Jiménez Fraud, a pulcritude foi norma esencial no vestir, no idear e no falar. Con esa pulcritude, con esa delicada ponderación falaba Rafael Dieste, unha criatura anxelical que endexamais levantaba a voz. Son palabras, as desta caracterización, dun gran escritor que o tratou no exilio bonaerense: de Francisco Ayala²⁵.

²⁰ Op. cit., p. 11.

²¹ Op. cit., p. 35.

²² Op. cit., p. 134.

²³ *Grial*, 78, 1982, p. 469.

²⁴ *Rafael Dieste...*, p.25.

²⁵ “Perfil de tres gallegos exiliados (Varela, Dieste, Seoane)”, en *Recuerdos y olvidos*, Alianza Editorial, Madrid, 1988, p. 262.

Rafael era moi consciente da exquisita grandeza do falar e, xa maduro, expresouno máis dunha vez moi claramente. Nun traballo titulado “El habla en el teatro de Federico García Lorca”, de 1946, destaca Dieste, no gran poeta granadino, a súa condición de escritor que “sólo por saber hablar y oír”, soubo “confiarse al habla viva, al manantial remoto que saltaba en sus versos y en sus ojos...”²⁶. Un ano despois, ó pronunciarse sobre o estilo de Cervantes, estima que mal andaría o vulgo se non fixese asunto seu “guardar la limpieza de ese milagro que es hablar, estar suspensos en esa luz antigua, inmemorial, que nos traspasa y nos enciende y nos hace sabios, prudentes y cantores con solo confiarnos a su buena ley”²⁷.

Foi Rafael Dieste, ademais, un extraordinario contador de historias. Son moitos os beneficiarios que o certifican, e mesmo esta súa condición orixinou un singular feito editorial: o libro de José Otero Espasandín *Cuentos que me contó Dieste*, dez relatos que publicou Edicións do Castro tres anos despois da morte do seu “primeiro” autor. Debemos a Otero Espasandín unha semblanza na que destaca, entre outras virtudes do amigo, “a arte de conferenciante” arte -engade- na que “fixo maravillas”²⁸.

Dieste, en efecto, falaba como un libro, dito sexa sen ningún matiz pexorativo; falaba de tal xeito que, en ocasións, secuencias e secuencias do seu falar, de seren transcritas, conterían o rigor e a andadura sintáctica da páxina escrita. Verbo de *La isla* coñecemos este pronunciamento de Carmen Muñoz, a súa permanente compañeira e colaboradora: “Creo que uno de los aspectos más singulares de este texto es que fue totalmente dictado, en un gozoso impulso de creación que duró sólo siete días... y que ahora se ha copiado del cuaderno inicial sin otra variación que la de poner algunos puntos y aparte [...] El hecho de que Rafael haya elegido dictarme ese original paseando rítmicamente por la sala o deteniéndose ante la ventana; con toda sencillez, sin tachaduras...”²⁹.

Hai que supoñer que estas páxinas son prosa falada, prosa dictada por quen, ó facelo, está moi atento ó ritmo das cláusulas e dos períodos: o “dictador”, mentres dictaba, paseaba “rítmicamente”.

Coñezo un texto, lamentablemente moi breve, no que Rafael Dieste, moi pouco antes de falecer, teoriza sobre a narrativa que vive na tradición oral e no que se queixa de que a Televisión acabase (ou case) cos códigos e co gusto desta narrativa popular: “Había que ouvir os contos que eu lle ouvín á aboa de Castelao mentras llos decía tamén as súas irmás, Xosefina e Teresa, que eran pequerrechas coma min. ¡Eso sí que era narrativa maravillosa! ¡Quén me dera a min poder producir a emoción que nos producía a nós a narrativa da aboa de Castelao! ¡Transmitía en forma literaria!”

Neste texto aparece un deses enunciados lostregantes sobre o xenio e o destino dos idiomas: “...teño que decir que unha lingua parece vir ao mundo con certos deberes que cumprir, pero eso non se sabe mentras non o cumplen”³⁰.

Non foi Dieste, certamente, filólogo de formación ou de profesión, pero as palabras chamábano, provocábano unha e outra vez, chamadas que orixinaban consideracións de tal índole que xustificarían un traballo que ben podería titularse

²⁶ *Testimonios y homenajes*, Laia, Barcelona, 1983, p. 201.

²⁷ Op. cit., p. 205.

²⁸ *Grial*, n.º 78, p. 472.

²⁹ *Rafael Dieste...*, p.39.

³⁰ *Grial*, n.º 78, p. 508.

“Teoría da palabra en Rafael Dieste”, traballo no que habería que ter moi en conta o seu ensaio “Alas que se nos dan con la palabra”, unha das súas máis brillantes páxinas³¹. Tal estudio debería ser complementado por outro que, quizais, conviñese titular “Rafael Dieste ante as palabras”, que é o Dieste do que vimos de falar, se ben de xeito pouco detallado. Para este segundo estudio habería que procurar textos non exhumados e ter(en) en conta páxinas non citadas neste noso esbozo como o prólogo ó *Diccionario castelán-galego* de Fermín Fernández Armesto, de 1981, quizais o seu derradeiro escrito. Non debemos vulgar a este gran cavilador do feito verbal por estas dúas páxinas, redactadas, moi probablemente, en horas de quebrantada saúde. Quizais esta circunstancia explique, nese breve limiar, formas como “aportaceóns” e “vacilaceóns”, que xa viramos en 1925, un tempo -aclaremos- en que este “galego de acordeón” inzaba os libros de non poucos autores. Quero e debo recordar que no discurso académico, de 1970, ningún destes vocábulos adoptou inflexión tan hiática.

Cumpriría ter en conta, ben en conta, un breve manual de ortografía do castelán, o seu libro -tamén cómpre dicilo- de máis éxito editorial. Publicado en Buenos Aires no ano 1956, en pouco tempo foron vendidos 40.000 exemplares. Imponse saber que Atlántida, a editorial porteña, recorreu, no Buenos Aires da Escola lingüística e gramatical de Amado Alonso, a quen, non sendo da escola nin sequera do gremio, fose capaz de redactar con rigor, orixinalidade e mesmo amenidade a *Pequeña clave ortográfica*³². Con razón se teñen gabado capítulos, como o titulado “Función del punto”. Pois ben -e aquí volvemos a un suculto da súa biografía no exilio- este breve volume escolar, obra de Rafael Dieste -poeta, ensaísta, dramaturgo, filósofo, narrador e teórico da xeometría- foi o seu libro máis reeditado, máis espallado e, por conseguinte, o que lle produciu máis ingresos, nunha medida que, nalgúns anos do seu desterro porteño, o fogar de Rafael mantívose, fundamentalmente, destas páxinas ortográficas. Debo supoñer, sen embargo, que con certas estreituras, estreituras que compadeceu con quen o acompañou durante corenta e sete anos. Falo de dona Carmen Muñoz Manzano e emprego o verbo “acompañar” nun intento de destrivializalo, ou sexa, nun intento de retornalo ó seu morno e solidario berce etimolóxico. Porque en “compañeiro” (como no catalán “company” e no italiano “compagno”) abrolla o pan que comemos con outro, na compañía do outro, e, ás veces, o pan que un comparte cunha das poucas persoas que ten dereito ó noso pan ou a come-lo pan na nosa man. Este é o pan, non sempre morno e mol, que Carmen e Rafael comeron, na mesma man, en Madrid, en Valencia, en Barcelona, en Buenos Aires, en Cambridge, en México, de novo en Buenos Aires, en Rianxo e na Coruña. Non se pode entende-la vida e a obra de Rafael Dieste, aquela sensibilidade de vidro tan limitada para tantos pragmatismos, sen a presenza constante, delicada e eficaz dunha muller, dunha compañeira das características de Carmen Muñoz. Non hai -ou eu non o albisco- un caso semellante na literatura galega moderna e contemporánea. Nas Letras castelás habería que pensar, polo menos en parte, en Zenobia Camprubí, a Carmen Muñoz de Juan Ramón Jiménez. Teño para min que os dous, o gran poeta andaluz e o gran escritor de Rianxo, eran unha miguíña nefelibatas, pero alí estaban Carmen e Zenobia para baixalos, non sen agarimo, das nubes a onde moi poucas veces chega o vento prosaico das cousas prácticas e prosaicas de cada día.

Nas nubes da ideación pura ou na terra dos problemas concretos, Dieste, cando falaba, facíao desde o cimbro, desde esa altura en que calquera consideración volve a consistir en examina-las estrelas á procura dos sinais que apuntan ó porvir. Dieste, o considerador, transformaba, alá no cimbro (“sidus” é constelación ou estrela) o seu

³¹ En *La Isla / Tablas de un naufragio*, Anthropos, Barcelona, 1985, pp. 173-81.

³² A última edición é de 1982 (Editorial Escuela Española, Madrid).

mundo en palabras, el que tanto as amou³³. Á súa beira, Carmen non só era o indispensable complemento práctico senón que era a sabia man encargada de fechar as fiestras para que certos ventos non contaminasen o mellor tesouro de Rafael Dieste: o ouro das súas palabras.

³³ “Considerar” foi, primitivamente, segundo J. Corominas, ‘examinar los astros en busca de agujeros’.

Titúlase este meu discurso académico “Manifestos” en verso en favor da poesía civil nos primeiros tempos da Posguerra na Galicia da Terra e na Galicia Emigrante (1939-1962). O título, longo se os hai, esixe, xa de entrada, estas oito consideracións.

I. Unha vez máis, señora e señores académicos, trato de asediar un tema, o da poesía civil galega, que desde hai ben anos me veu asediando e comprometendo a min. Sabido é que o compromiso do escritor tamén abrangue ó crítico.

II. Sen embargo, non se trata de historiar, nestas páxinas, a poesía civil galega publicada neses 23 anos, os que van do final da Guerra Civil (1939) a 1962; do que se trata é de amosar e comentar aquelas composicións nas que, dun xeito ou doutro, os seus autores postulan, defenden ou gaban ese tipo de poesía calificada ou calificable de civil. Ninguén, que eu saiba, tiña feito un traballo sobre esta parcela da poesía e da metapoésia galegas.

III. O primeiro termo do noso longo título, “Manifestos”, aparece, moi intencionadamente, entrecomillado, pois somos conscientes de que ningún deses textos responde ás características dos manifestos “clásicos”. Abondaría con citar, entre nós, o manifesto Máis alá (1922)³⁴, de Manuel Antonio, e na literatura francesa, tan pródiga nestes chamamentos, o Manifeste du surréalisme (1924), de André Breton.

Máis ou menos próximos ós manifestos, trátase sempre de poemas nos que o autor se pronuncia, dunha maneira ou doutra, en favor da poesía civil. Son, obviamente, poemas metapoéticos.

IV. De feito, no título non emprego o termo “poemas” e si “manifestos en verso”, máis concorde coa exigua poeticidade da maioría desas composicións. En verso están pero non sempre eses textos son poemas aínda que sempre eses textos sexan metapoéticos.

V. Céntrome, pois, nestes “poemas” (que agora debo entrecomillar), se ben, por razóns elementais, teño en conta ou fago referencia a pronunciamentos en prosa de análoga intención. Do que se trata, por conseguinte, é de detecta-los textos, en verso (sobre todo) e en prosa, nos que os seus autores propoñen ou defenden a poesía civil.

VI. O que nos leva, velis nolis, a facer, nalgunha medida, por pequena que sexa, a crónica desta modalidade poética. Só desta maneira poderemos saber cándo a “teoría” precede á “práctica” e se eses “chamamentos”, doados na Galicia Exterior, encontran algún tipo de resposta na Galicia Interior, na Galicia do Exilio interior.

VII. O período que aquí se estudia iniciase no ano 1939, data clave na historia total de Galicia, e termina no ano 1962, ano no que Celso Emilio publica o seu gran poemario civil Longa noite de pedra, fito na historia galega deste tipo de poesía. Pero este libro, ademais de ser un fito poético, é un libro que se publica -que xa se puido publicar- na Galicia de Franco. Está claro, por tanto, que os poetas civís da Galicia interior crearán e publicarán, a partir deste ano, nunhas coordenadas en xeral menos severas, menos problemáticas. Penso, por conseguinte, que a data a quo e a data ad quem por min elixidas para este estudio non precisan outra ilustración.

³⁴ Hoxe xa se sabe que foi redactado íntegramente por Manuel Antonio; nada debe, pois, esta proclama tan iconoclasta a Álvaro Cebreiro.

Así pois, falarase nestas páxinas da poesía civil galega publicada entre 1939 e 1962, pero, verbo dos “manifestos” en verso, os que coñecemos publícanse nun período máis curto, de dez anos: 1950 a 1960.

VIII. Aclaro no título, no longo título, que examino o fenómeno proposto tanto na Galicia da Terra como na Galicia da Diáspora. Tronza-la póla de Alén-Mar equivalería a mutilar moi gravemente o corpo da literatura galega neses anos. Xusto neses primeiros anos publícase máis literatura en galego fóra, concretamente en Buenos Aires, que no territorio sometido á dura lei do exilio interior. Por outra parte, os poetas galegos do exilio exterior foron os primeiros en protestar: porque o necesitaban (había fondas razóns para a protesta) e porque podían (sen arriscaren vida ou facenda).

No poema “Credo”, de 1960, o autor expresa o seu noxo visceral porque “algo está podre en Dinamarca”, tan podre que “fede que alcatrea”. Nunha sociedade así -debeu cavila-lo autor- cómpre que a palabra do poeta non se desentenda, non se inhiba, razón pola cal nesta composición o autor interpela ós poetas cómplices deste xeito:

Cambio de teima e verbigracia digo:
Qué disgracia tan grande ser poeta,
oficio de chorar sin cobrar nada,
oficio de cuspir na mar inmensa
e de chantar pancartas no deserto.
(Poetas conformistas desta terra,
-testicular emporio de esqueletes-
mentras o home loita, chora e sofre,
cantai a violeda, a margarida,
e desfollai a rosa reticente
dos vosos mínimos problemas...
decide sí a todo e medraredes)³⁵.

O diagnóstico literario, no esencial, non era erróneo. En efecto, as musas da poesía galega, lonxe da denuncia e da controversia social, dialogaban daquela coas “pombas e as flores”, unha forma, para o noso autor, de complicidade moral. Haberá que chegar, dous anos despois, a Longa noite de pedra para atopármonos, en galego, cun libro que diga non (na medida do politicamente posible) a todo (ou a case todo). O autor, Celso Emilio Ferreiro, era fiel no libro de 1962 ó programa civil proposto, dous

³⁵ “Credo” publicouse por primeira vez en *Papeles de Son Armadans*, Palma de Mallorca, diciembre, 1960.

Hai unha versión publicada en outubro de 1962 (*Vieiros*, México, n.º 2), que, no fragmento que nos importa, di:

Cambio de teima. Verbigraza digo:
Qué disgracia tan grande ser poeta,
oficio de chorar sin beneficio
de maldecir ao tempo i-a probeza,
o retraso dos trens ios autobuses,
as cantigas flamencas,
as corridas de touros,
os partidos de fútbol,
a Pero Abat, notario en ripio triste
do Cid desenterrado para atarnos.

Na publicación coincide esta versión, no ano e no mes (1962, outubro) coa que figura en LNP, pero eu case xuraría que é anterior, na redacción, á de 1960. A versión de LNP coincide, no esencial, coa de 1960. (V. Alonso Montero, X., “Sobre a prehistoria de *Longa noite de pedra*”, *Boletín Galego de Literatura*, Univ. de Santiago, nº 1, 1989, pp. 88-89).

anos antes, no poema “Credo”, que o libro, coherentemente, acolle.

Xa aquí, cómpre ter(mos) en conta que Celso Emilio foi, como poeta civil, un poeta serodio³⁶, e serodia será, pois, a poesía civil galega. De feito, as primeiras manifestacións deste tipo de poesía datan de 1955. Deste ano é *O soño sulagado*. libro no que figuran algunhas das mellores páxinas poéticas escritas polo noso autor, sobre todo as referidas á súa infancia. Poemario máis confesional ca crítico, dos 31 poemas que o compoñen só tres son enteiramente críticos, só estes preludian *Longa noite de pedra*.

1955 é o ano no que se publica a súa famosa autopoética en prosa, aquela na que se define con esta claridade: “Polo que se refire ós poetas galegos, si queren ser fideles a sí mesmos e á terra, teñen que fuxir da arqueoloxía estéril e do ruralismo pedáneo. Teñen que retorcerlle a pescozo ó reiseñol do lirismo lacrimóxico, saudoso, vello estilo. En troques, teñen que mergullarse con desesperado esforzo no mundo social da nosa terra; nos problemas vivos do noso tempo; nas angurias das nosas xentes. Pero con ollos recén abertos, con palabras de hoxe, con fórmulas novas en canto ó enfoque cordial e a perspeitiva psicolóxica”.

Esta autopoética, cen veces aducida, foi publicada en 1955 na *Escolma de poesía galega (Os contemporáneos)*³⁷, volume onde ninguén, entre os poetas galegos (do Interior), se pronuncia deste xeito. Pero é sorprendente o feito de que, dos poemas “escolmados”, ningún responda ós criterios socioliterarios expostos na autopoética que os precede³⁸.

Verbo de 1955, sería grave ignorar ou silenciar que é o ano no que se publica, semiclandestinamente, o opúsculo en castelán *Voz y voto*³⁹ un poemario onde, claramente, Celso Emilio Ferreiro toma partido con estas palabras:

Vengo de la raíz, vengo de abajo,
mi alcurnia se remonta a Adán y Eva
y tengo a gala ser del pueblo bajo.
Por eso estoy del lado de la gleba,
con razón, sin razón, siempre a su lado,
viendo como su mar crece y se eleva.

Non é a primeira vez que expreso a meu asombro ante a feito de que este libro non o coñezan (ou non o citen) os estudiosos e os antólogos, xa moitos, da poesía social castelá deses anos. Sexa como for, en 1955 Celso Emilio, que é un tímido, un exiguo poeta civil en galego, é, en castelán, un destemido poeta social. Catro destes poemas, traducidos (e reescritos), acólleos o autor, sete anos despois, en *Longa noite de pedra*.

En realidade, non é doado encontrar poesía decididamente civil, nin en galego

³⁶ V. Alonso Montero, X., “A poesía civil de C.E.F.”, *Encrucillada*, n.º 62, 1989, pp. 109-23.

³⁷ Galaxia, Vigo, 1955. A ed. é de Francisco Fernández del Riego.

³⁸ Quizais, nalgún sentido, “María Soliña”, o único inédito deste capítulo. Aparecerá, logo, en LNP, sen o verso final, supresión que foi un acerto. De feito, quen non saiba que María Soliña foi perseguida en Cangas, como bruxa, pola Inquisición, dificilmente fará a lectura axeitada do “terror de auga fría”.

³⁹ *Voz y voto*, Colección Papel de Estraza, Montevideo.

Sábase que o opúsculo foi impreso por Juan Noya, non sen risco, en Gráficas Numen, Vigo. É certo que o papel é de estraza.

Hai que pensar que este poemario, de 1955, é algo posterior a *O soño sulagado* (1954 na cuberta; 8-3-1955 no colofón). V. Alonso Montero, x., *Celso Emilio Ferreiro*, Júcar, Madrid, 1982, pp. 67-68.

nin en castelán, na Galicia anterior a 1955. Hoxe sabemos que un ano antes, en xullo de 1954, nin Celso Emilio intervén nos debates sobre a poesía social celebrados en Galicia co gallo do III Congreso de Poesía⁴⁰. Quen consulte os xornais desas datas quizais chegue á conclusión de que a única aportación que Celso Emilio fixo a tan significativo Congreso foi a de bailar unha muiñeira, nas illas Cíes, coa poetisa Maria del Carmen Kruckenberg⁴¹. Quero crer, sen embargo, que o contacto nesas xornadas con algúns dos escritores participantes tivo que mentalizalo nalgunha medida: o contacto, sobre todo, con dous teóricos, Joan Fuster e Antoni Vilanova, e cun poeta, Gabriel Celaya, quen chegou a proclamar, no debate compostelano sobre a “poesía social”: “Yo no hago periódicos. Pero creo que el hombre poeta tiene que cantar con todo lo que es, con todo lo que tiene: carne, sangre, pasión y hasta convicciones políticas”⁴². Que Celaya -a súa poesía- impresionou a Celso Emilio próbao ben o poema “Anaco dunha carta a un poeta que vive en Madrid” (en LNP) no que reconece:

Chegache ti, Gabriel, humanamente,
e xa todo se fixo máis fermoso,
máis craro e máis profundo.

A Celaya vaino atopar, en maio de 1959, nas Conversas Poéticas de Formentor, xuntanza na que se deron cita outros poetas “sociais” coma Blas de Otero, José Hierro, José Agustín Goytisolo e algúns outros. Creo que a partir deste contacto comprométese a fondo coa súa condición de poeta civil en galego, só ata o de agora episodicamente exercitada. Quizais a lectura, en 1960, da famosísima e polémica antoloxía de Josep María Castellet, *Veinte años de poesía española (1939-1959)*, consolidou a súa decisión de realizarse como poeta civil. Nesa antoloxía leu, sen dúbida con interese, os poemas nos que os autores postulan unha sociopoética como a que el proclamara no seu alegato contemporánea, no “Credo” de 1960. Non escasean os versos que o afirman no seu planteamento: “pero escribiría un poema perfecto / si no fuera indecente hacerlo en estos tiempos” (G. Celaya, 1947); “Definitivamente cantaré para el hombre” (Blas de Otero, 1950); “...quiero / que escuchemos reunidos / la canción de la vida...” (E. de Nora, 1953); “Los poetas no acusaron el problema, / porque Roma debió ser una alegre ciudad” (J. A. Valente, 1955); “los poetas locos, que, perdidos / en el tumulto callejero, cantan al hombre, / [...] lanzan gritos, pidiendo paz, pidiendo patria, / pidiendo aire verdadero” (J. A. Goytisolo, 1958), etc.⁴³.

Cómpre insistir no feito de que Celso Emilio Ferreiro foi, como poeta civil, un poeta serodio, e éo dobremente.

a) Na poesía castelá do Interior fan poesía de controversia coa sociedade, desde 1950, grosso modo, varios contemporáneos seus (Celaya, 1911; Otero, 1916) e algúns dos mellores poetas da Xeración do Cincuenta (Eugenio de Nora, Ángel González, José Agustín Goytisolo, José Ángel Valente, Jesús López Pacheco...).

b) Na poesía galega do exilio exterior publicáranse xa varios títulos destas características, dous especialmente significativos: *Fardel de eisilado*, de Luís Seoane (1952)⁴⁴, e *Lonxe* de Lorenzo Varela (1954)⁴⁵, quen xa ensaiara con talento a poesía

⁴⁰ V. Alonso Montero, X. (ed.), *Carles Riba e Galicia*. Galaxia, Vigo, 1993, especialmente pp. 61-130.

⁴¹ V.op.cit.,p.71.

⁴² V.op.cit.,p. 111.

⁴³ *Veinte años de...*, Seix Barral, Barcelona, 1960 (2.^a ed.), pp. 178, 224, 268, 312 e 377.

⁴⁴ Edicións Ánxel Casal. Buenos Aires. 1952 (cuberta e ilustracións de L. S.).

⁴⁵ Ed. Botella al Mar, Buenos Aires, 1954 (con dez gravados de L. Seoane).

cívica nalgún dos *Catro poemas* de 1944⁴⁶.

Xa X. L. Méndez Ferrín precisaba en 1984 que o “socialrealismo” en poesía “prodúcese moi serodiamente, nos anos cincuenta, e nun reducido escol de poetas. Inicialmente, no sector de escritores emigrados: Luís Seoane (1910-1979), Lorenzo Varela (1916-1978), José Conde (1918). Posteriormente, aparece Celso Emilio Ferreiro (1914-1979)”⁴⁷. En nota, Méndez Ferrín aclara⁴⁸:

A evolución da nova poesía socialrealista en Galicia prodúcese por este orde:

1952: *Fardel de eisilado*, de Luis Seoane.
1954: *Lonxe, de* Lorenzo Varela.
Seara de romances, de Eliseo Alonso⁴⁹.
1965: *O sono sulagado*, de Celso Emilio Ferreiro.
1959: *As cicatrices*, de Luis Seoane.
Terra aluciada, de José Conde.
1960: *Acoitelado na espera*, de Xosé Alexandre Criebeiro.
1961: *Por unha terra apremida*, de Antón Santamarina.
1962: *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro.

Non sería inútil facer tres observacións a este esquema de Méndez Ferrín.

a) Creo que non pertence á “escola” socialrealista *Seara de romances*, e, verba de *Acoitelado na espera*, breve opúsculo da colección Brais Pinto, son moi poucos os versos de escasa intención social.

b) En *Dende lonxe*, de Xosé Neira Vilas, de 1960, hai poesía que o prologuista, Rafael Dieste, califica de “civil”, e, en canto a Xosé Conde, cómpre citar bastantes páxinas de *Muiñada noitébrega*⁵⁰ de 1955, anterior, pois, a *Terra aluciada* (1959).

c) Así pois, non son tódolos que están, pero sobre todo, non están tódolos que son. Antes de 1952 -a data do importante libro de Seoane- publicouse bastante poesía destas características. Ademais de poemas dispersos de Avelino Díaz e Xervasio Paz Lestón, conviría ter en conta algunhas páxinas de *Jacobusland* de Emilio Pita (1942)⁵¹, con poemas como “Morte de Alexandro Bóveda” ou os versos nos que ilustra un cadro bélico de Castelao (“...enterran semente”). É fundamental tamén termos en conta o *Cancioneiro da loita galega*, publicado en México no ano 1943⁵². Sobre esta recolleita, poboada de poesía política, escribín hai pouco: “No *Cancioneiro* hai musas moi distintas: musas que choran (a Alexandre Bóveda, a Víctor Casas...) e musas que se

⁴⁶ En Seoane, Luis, *María Pita e tres retratos medioevales*, Buenos Aires, Ediciones Resol. 1944.

Nunca vin esta edición; si, e teño un exemplar. de *Catro poemas galegos*, Editorial Argentina de Música, Buenos Aires, 1951, que contén, ademais dos gravados para os que se fixeron os poemas, estes na versión inglesa de William Shand e a música de Julián Bautista. Fermosa edición de bibliófilo.

⁴⁷ De *Pondal a Novoneyra (Poesía galega posterior á guerra civil)*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1984, p. 89.

⁴⁸ Op. cit., p. 94.

⁴⁹ É de 1952.

⁵⁰ Alén Mar, Buenos Aires, 1955.

⁵¹ Buenos Aires, 1942 (con ilustracións de Castelao).- Hai ed. facsímil, con prólogo meu, de 1972 (Edición do Castro).

⁵² *Cancioneiro da loita galega* (tomo primeiro), Publicación do Partido Galeguista (número un), México, 1943. Non teño noticias de que se publicase outro volume do *Cancioneiro*; tampouco sei se o Partido Galeguista chegou a publicar outros “números”.

alporizan (contra os falanxistas); tamén hai musas rexoubeiras, a de «Nadel», por exemplo, cando satiriza a Franco en «Home pequeno, fol de veneno». Este e outros poemas de «Nadel», moi presente no *Cancioneiro*, reproducense no libro de Florencio Delgado Gurriarán *O soño do guieiro* (Edicións do Castro, 1986). Hai pseudónimos, sen embargo, aínda non desvelados: R. Miño, C. Lamas, B. Lárez, X. Brigancio... Sáibase, nembargantes, que, ás veces, os autores asinan co seu nome e os seus apelidos coma fai, por exemplo, Ramón Cabanillas Álvarez (o fillo do gran poeta)⁵³.

Celso Emilio Ferreiro amósasenos coma poeta civil en 1962 canda xa está na madurez literaria dos cincuenta anos. Os poucos poemas deste signo publicados, aquí e alí, entre 1955 e 1962, constitúen a prehistoria da súa poesía civil. Serodia é, pois, a poesía social de Celso Emilio e éo máis a dos poetas do Cincuenta, coma Manuel María e Novoneyra, que inician este tipo de discurso poético despois de 1962.

Antes de 1955, Celso Emilio publica en castelán dous poemarios (*Al aire de tu vuelo*, 1941; *Bailadas, cantigas y donaires*, 1947) que están a anos luz de procuraren e denunciaren as malfeituuras do seu tempo. Sería cándido pensar que a poesía non conflictiva de Celso Emilio nestes anos débese ás condicións que un réxime político non democrático impón á edición da obra literaria, e sería cándido pensalo porque, arredor do 50, poetas españois doutras áreas publican versos que, nunha ou noutra medida, cuestionan o ideario oficial ou aspectos deste ideario. Creo, máis ben, que Celso Emilio tarda, alá no cerne da súa personalidade, en configurarse como *radical* antifranquista e que tarda un pouco máis en oír, axeitadamente, a música moral do Socialismo⁵⁴. Está

⁵³ *La Voz de Galicia*, 29-8-1993.

⁵⁴ Está por estudar de que maneira afectou a certos demócratas o feito de teren que combater, como Celso Emilio, no Exército de Franco. Finalizada a Guerra Civil e xa, de volta, en Galicia, hai que conseguilo “modus vivendi” ás veces en organismos (Fiscalía de Taxas, por exemplo) que en condicións normais un rexeitaría. Por outra parte, ese vivir e ese traballar hai que protagonizalo nun medio e nun tempo de nulas perspectivas políticas. Nesas datas só os comunistas (e moi pouco máis) estaban no monte ou axitaban na clandestinidade. O galeguismo político, na cadea Ramón Piñeiro, non fai oposición política. Nese territorio de medos e de nulas incitacións habería que situa-los traballos e mailos días de Celso Emilio e tratar de averiguar en que medida certos acontecementos nos van minando por dentro. Existe a lenda -ou o ruxe-ruxe- de que Celso Emilio escribiu neses primeiros anos versos declaradamente franquistas e mesmo gabanzas do franquismo. Non hai tal; todo o que hai -e xa urxe dicilo e aclaralo- é este romance de 44 versos:

Prisioneros

Van llegando los vencidos,
los vencidos, van llegando,
doblados, sucios los cuerpos
llenos de lacras y harapos.

Por la carretera blanca,
van llegando, van llegando.

Grutas de miedo sus ojos,
temblor de duda sus pasos.

Los odios de sus mentiras
ya se han amortiguado.

-¡Camaradas, tengo hambre!

-¡Camaradas, estoy cansado!

-Ven y descanse el amigo.

-Toma y hártate, hermano.

¡Les damos pan y sonrisas,

les damos luz y pan blanco!

(Ay, el blanco pan de Dios,

ay, el blanco pan ganado

con la sangre de la lucha,

con el sudor del trabajo.)

ben claro, sen embargo, que os poemas escritas arredor de 1960, nos que denuncia ou satiriza algunhas das iniquidades ou miserias morais do Capitalismo, son poemas escritos desde unha radical autenticidade ética, desde unha fonda convicción e sinceridade. Porque foron escritos desde esta instalación vital e porque foron formuladas cos axeitados recursos literarios é polo que poemas como “O Reino”, “Unha vez”, “Irmaus”... aínda cantan hoxe coma hai trinta anos.

O certa é que Celso Emilio Ferreiro, xa no radical antifranquismo e xa engaiolado pola música moral da Socialismo, non só escribe desde esas premisas senón que redacta un “manifesto” no que se opón, rotundamente, nun tempo no que “o home loita, chora e sofre”

Por la carretera blanca,
los vencidos van llegando
poco a poco, poco a poco,
lentos, hundidos, doblados,
En la sombra de sus rostros,
huellas de hambre y cansancio
de horas febriles, muertas,
y cabellos despeinados.
Ya no hieren los rencores
en los pechos apagados.
En las ruinas sagradas
les esperan los soldados:
Sonrisas de caballeros,
abiertos en cruz los brazos:
-Venid, los hijos perdidos;
venid aquí, descarriados.
¡La sangre de nuestros héroes
os tiene recuperados!
La Patria -al fin es la Madre-
os extiende ya sus brazos.
¡Viva España, camaradas!
¡ Camaradas, viva Franco!
.....
Van llegando los vencidos,
los vencidos van llegando.

Figura nas páxinas 164-165 do volume de José Sanz y Díaz *Lira bélica (Antología de los poetas y la guerra)*, Editorial Santarén, Valladolid, 1939, e polo prólogo sabemos que as composicións desta escolma foron recolleitas no ano “Triunfal de 1937”. Se esta é a data de redacción do romance e se foi publicado antes ou non, son extremos que descoñecemos.

A presenza de Celso Emilio nesta antoloxía á forza ten que estrañar; non así a doutros nomes galegos (Herminia Fariña, Francisco Leal Insua e Adelardo Curros Vázquez, fillo de Curros Enríquez). Non sabemos que circunstancias o forzaron -se é que foron “forzantes” as circunstancias- a escribir este romance, e en que medida son sinceros versos como “Los odios de sus mentiras / ya se han amortiguado” e “¡Camaradas, viva Franco!”. De tódolos xeitos, este é o seu primeiro poema político, o seu primeiro poema “comprometido”. Quen, 25 anos despois, será, en Galicia, a mellor voz antifranquista, como voz de poeta, empezou facendo poesía civil coas palabras que acabamos de ver no romance de 1937. Se só foi cuestión de “palabras” é algo que ninguén ten explicado. Trátase, en calquera caso, dun episodio minúsculo que sería anticientífico ocultar pero que non define o perfil dunha vida nin dunha obra: un episodio, un texto que hai que “ler” nas coordenadas dunha terrible guerra civil e que foi emitido por quen non estaba libre de medos.

Pero desde *Longa noite de pedra* (1962) os seus versos non foron cuestión de “palabras”: foron a expresión auténtica dunha configuración vital e dun ideario que rexeitaba de cheo o franquismo e que sentía noxo ante certas iniquidades inherentes, segundo el, ó Capitalismo. Autenticidade e talento poético orixinan algunhas páxinas excelsas da lírica galega do século XX. Pero a esa autenticidade, desde a que escribiu *Longa noite de pedra*, tardou en chegar. Antes viviu vinte anos, grosso modo, de certa indefinición, anos nos que a vida (a laboral, certos amigos...), ás veces, non facilitaba certas definicións. Eran tempos, como ben se sabe, nos que era extremadamente difícil escoller outros tipos de vida.

a) ós poetas evasivos, ou sexa, ós que cantan “a violeta” e “a margarida”;

b) ós poetas que cren que as súas pequenas inquedanzas son o embigo do mundo, ou sexa, os que “desfollan a rosa reticente das seus mínimos problemas”,

c) e ós poetas que, sistematicamente, están co poder e co establecido polo poder, ou sexa, ós que din “sí a todo” e medran.

Era o ano 1960.

Pero o primeiro “manifesto” en favor da poesía civil é moi anterior, de 1950. Os termos da proclama son tales que non eran esperables naquela data. Titúlase “Diante do final” e imponse reproducir, enteiro, este contundente e sorprendente chamamento:

Xoglares da Galiza pelegrina,
trovadores sin Patria que levades
encravado no peito o duro aceiro
das angurias da Terra asoballada,
vinde connigo pra canxar as voces,
que temas de entonar valente canto.

Deixémonos de esculca introspeitiva
ou de inventar, cecáis mentidas penas
cantadas en linguaxe sibilino
que nin nosoutras mesmos entendemos.

¡Cumprámol-a misión das nosos días
cargados de tremendas amiazas!

Os de agora non son tempos doados
pra afundirse na sima das instintos
disfrazando con líricas metáforas
as lascivas pasións que nos consomen;
nin de escarabellar na podredume das humanas miserias,
armados do escalpelo, hoxe de moda,
da máis torbe e falaz filosofía... ..

¡Non son xornos de torres metafóricas!

¡Quen non erga hoxe a voz en son de loita,
traballa sin querer pras tiranías
que, coa fame dos pobos,
engordan o feroz imperialismo
dirixido por fatos de amoraes!...
Escusemos seus versos decadentes
aos que moran no chan da Terra escrava
faltos de alas de luz pra o pensamento,
cos espritos en somas mergullados.

Pro, nós que estamos ceibes,
percuremos suplilos na laboura

que non poden cumprir,
entonando, por todos, rexos cantos
con voces craras e sinxelas verbas.

Máis que nunca, as concencias
“queren revelacións e non misterios”.

¡Que esta frase do gran celanovense
nos sirva como lema no futuro
e que o numen xenial do rexo Bardo
sexa noso guieiro e nos inspire!

Publicado no n.º 5⁵⁵ de *Alba* (Vigo), asínao Fernando Burbia Valcarce, pseudónimo de Ramón González Alegre, director literario da revista. O poeta fala como se vivise -e escribise- na Galicia Exterior (“Xoglares da Galiza pelegrina, / trovadores sin Patria..”), esa Galicia desde a que se pode desculpar a aqueles poetas que, “no chan da Terra escrava”, escriben “versos decadentes”, razón pola cal “nós, que estamos ceibes” debemos “suplilos na laboura / que non poden cumprir ¡entonando, por todos, rexos cantos”. Que se saiba ninguén entre os contemporáneas comentou, nin para ben nin para mal, este insólito manifesto.

Ás veces desconfío da autoría. Se é de Ramón González Alegre, cómpre saber que el, como poeta, sobre todo como poeta en galego, está lonxe, nese momento e despois, das premisas expostas no seu chamamento. Mesmo nun poema como “Urro por Galiza”, cun título tan axeitado para un poema civil, publicada no n.º 6 de *Alba*, a autor (Fernando Burbia Valcarce) canta a “bruma”, as “arbres”, as “silvasmouras”... De tódolos xeitos, hai que aclarar que Ramón González Alegre non estivo alleo ó debate sobre a poesía social. É autor, polo menos, dun longo artigo publicado na revista *Poesía Española*⁵⁶ co título, significativo, de “Toda poesía es social”. Nel chega a afirmar “que es lícito y aun necesario realizar una poesía política” e mesmo a declarar que “si la tarea política que realiza el grupo dirigente no es justa ni moral ni estrictamente lógica, el poeta tiene derecho a adoptar una actitud rebelde, esencialmente dentro de la propia política”. González Alegre, sen embargo, aclara, noutro lugar do artigo, que o poeta, a quen lle é lícito expresarse en liberdade, pode e debe elixir, “dentro de la órbita política, aquella que tienda a la realización de fines lícitos, morales y justos. Y estima como límites morales aquellos que preside un cristianismo moral y operante. Y no pretendo excluir tampoco aquellos que nazcan de una racional convivencia justa, reconocidos como lícitos”. Obrigada a cita de Maiakowsky e Pablo Neruda, recoñecéndoos grandes poetas, aclara, verbo do escritor ruso, que, como voz do Partido, converte “su aptitud y su experiencia lírica en un salario político que tiende al mal, fin primario de todo el contenido comunista , e, verbo do escritor chileno, confesa que “le rompería las narices en razón de mi postura política hispánica, de mi modo de ser español inquebrantable, de mi propia convicción de árabe o godo, que me hace repugnar a un gran poeta que, deliberadamente, en misión servil a un Partido político, con evidente violación de toda moral y de toda conducta tendente al Bien, afrenta e insulta las fronteras de mi raíz amada”.

Cando González Alegre fala destes dous poetas comunistas hai, creo, excesos verbais que, en parte, son obrigados naquel tempo para quen, coma el, considera

⁵⁵ Poucas veces se consigna a data de publicación nos n.º desta revista. Creo que o 5 é de 1950 e non posterior (no 10 figura a data de 1952).

⁵⁶ Madrid, n.º 22, octubre, 1953, pp. 1-6.

lexítima a poesía da rebelión mesma contra a política “do grupo dirixente”, rebelión que non irá máis alá, aclara, das límites do “cristianismo moral e operante”.

Ninguén na Galicia Interior publica en 1953 -nove anos antes de *Longa noite de pedra*- reflexións como as que Ramón González Alegre titulou, nunha revista de importante audiencia literaria, “Toda poesía es social”. Un ano despois, o 25 de xullo de 1954, nin González Alegre, nin Celso Emilio asisten ó coloquio que, en Santiago e no marco do III Congreso, debateu o tema da poesía social. É o coloquio, suscitado polo profesor Antoni Vilanova, no que Celaya chegou a afirmar que “el hombre poeta tiene que cantar... hasta convicciones políticas” e no que Fuster “dijo que el poeta toma siempre partido, ya que, en frase de Sartre, inhibirse ya es tomar partido”⁵⁷. Por unha detallada crónica deste Congreso, de Leopoldo de Luis, sabemos que interviron en varias ocasións Xosé Filgueira Valverde e Miguel González Garcés se ben non aclara desde que postulados⁵⁸. Cabe sospeitar que non foron os de Gabriel Celaya.

De Albino Núñez Domínguez⁵⁹ é a composición “Musa galega”, publicada na Galicia Exterior, en Buenos Aires, no ano 1957⁶⁰. De feito, non é un chamamento en favor da poesía civil, pero, dada a escasez, nestes anos, deste tipo de manifestos, quizais non se deban omitir uns versos nos que o autor, ó caracteriza-la poesía galega, conclúe:

Musa xamais esquencida
por cantos buscan a i-arte
no mesmo senso da vida.

En apéndice verá o lector que nas nove triadas precedentes Albino Núñez insiste na condición, na “arnaxe” campesina da nosa musa, unha musa que xorde “por antre as xentes labregas”, musa que é “laberquiña... rente a carqueixa” e que foxe da “barafunda urbana”. Abonda con ler outro poema de Albino Núñez, “Parnaso galaico”⁶¹, para decatármonos de quen son, para el, os tres deuses da poesía galega: Rosalía, Curros e Noriega Varela.

Non debo omitir un poema de Manuel María, “Digo o meu nome”, que, estando moi lonxe de ser una confesión en favor da poesía civil, contén versos nos que postula unha poética aberta á vida (“Só a vida val”) e pechada ós “mínimos problemas” do poeta. Figura en *Documentos personaes*. de 1958, libro, segundo Basilio Losada, o primeiro de denuncia en Galicia a pesar de que nel hai moito de persoal no seu trasfondo ideolóxico.

Quen por primeira vez, na Galicia do exilio exterior, publica un manifesto instando ós poetas galegos a que “deixen de cantar as correoiras” e “de alabar postas de sol” para falaren “da noite escura que envolve a nosa terra” foi Xervasio Paz

⁵⁷ L(eopoldo) de L(uis), “III Congreso de Poesía”, *Poesía Española*, n.º 32, agosto, 1954, p. 22.

⁵⁸ Op. cit., p. 23.

⁵⁹ A Mezquita (Ourense), 1901 -Ourense, 1974. A *Gran Enciclopedia Gallega*, que fai unha correcta semblanza del en canto pedagogo e profesor, omite o seu labor de poeta. En revistas da Galicia emigrante publica composicións que conviría exhumar (“Parnaso galaico”, “A nosa fala”...).

⁶⁰ *Lar. Revista del Hospital Gallego*, Buenos Aires, 25-7-1957.

⁶¹ Id., enero-febrero, 1956.

Lestón⁶² nunha páxina titulada, significativamente, "Revelaciós e non misterios"⁶³. Está claro que o noso autor recorda a poética exposta por Curros Enríquez na "Introducción" de *Aires da miña terra* (1880):

As xentes tristes...
[...]
cando ó vate interrogan, novo oráculo,
queren revelaciós, que non misterios.

Este é o verso que, con intención semellante, aducía, tres anos antes, "Fernando Burbia Valcarce" no seu singular manifesto.

Quizais Paz Lestón ó redactar estes versos pensaba, fundamentalmente, nos poetas da Galicia da Terra, pois el sabía, tiña que saber, que na Galicia Emigrante, sobre todo en Buenos Aires, a poesía civil producira, nos últimos anos, froitos non escasos, algúns moi valiosos. Resístome a crer que non tivese noticia das páxinas de Ramón Rei Baltar⁶⁴, Emilio Pita, Lorenzo Varela, Luís Seoane, Avelino Díaz, Xosé Conde...

O certo é que, aínda publicándose en Buenos Aires, anos despois, libros como *Lonxe* (Lorenzo Varela, 1954), *Na brétema, Sant-lago* (Seoane, 1956), algúns poetas nosos desa cidade publican composicións nas que defenden a necesidade, entre nós, da poesía civil. Un destes escritores, Avelino Díaz, mesmo é inxusto cando afirma, nun soneto, que os poetas galegos,

Non a Brañas imitan, ou a Leiras,
a Curros e Pondal. Son tecedeiras
a facer tan somentes panxoliñas.

¿Pensa o autor nos poetas da Terra, daquela, certamente, voces moi alleas a Curros Enríquez e Leiras Pulpeiro? Publicouse esta denuncia, en Buenos Aires, no n.º 1 da revista poética *Eufonía* (1958), da que foi director Alfonso Gayaso Frías. No segundo número (e derradeiro), de 1959, figuran dúas proclamas en verso que nos interesan: unha anónima (que é lícito pensar da autoría do director) e a outra de Xervasio Paz Lestón, xa citado por un "manifesto" de 1953. Titúlase a primeira "Cantai, poetas, cantai...!", invitación para que os nosos vates canten de tal xeito que os seus "ecos aneguen os reductos onde inda impera a noite dos que... queren negar" a Galicia.

Non nos sorprende "Agoiramento" de Paz Lestón, poema no que proclama, lembrando a Curros Enríquez, que

Acender o rencor contra os déspotas
é condición primeira da poesía.

Nese mesmo ano, 1959, Xosé Conde, xa coñecido como poeta civil, publica "Canta, canta"⁶⁵, chamamento no que desaproba ós que cantan "á lua" e "desfollan

⁶² Serantes (Muxía, A Coruña), 1898 - Buenos Aires, 1977. V. a voz, por min asinada, no vol. 32 da *Gran Enciclopedia Gallega*.

⁶³ *Alborada*, Buenos Aires, n.º 156, 1953.

⁶⁴ Autor dun libro alporizado onde os haxa: *A gaita a falare*. Subtitúlase (repárese) *Lembranzas e maldicións*. Noutro lugar non mencionei este volume porque se publicou en plena Guerra Civil, se ben moi ó final: en Buenos Aires, pola Federación de Sociedades Galegas, o 5 de marzo de 1939.

⁶⁵ *Terra aluciada*, Follas Novas, Buenos Aires, 1959. O poema é o primeiro do libro.

margaridas”, cantos que

Non podemos cantar mentras haxa barcos
pra desterrarnos
e nos manden como gando pra matadauro.

Xosé Conde, emigrante, é autor de moitos alegatos en verso contra a emigración.

Quizais non sexa arriscado pensar que estes chamamentos e a actitude da revista *Eufonía* inflúen no tipo de poesía que van cultivar, axiña, dous emigrantes aínda mozos: Xosé Neira Vilas (*Dende lonxe*, 1960)⁶⁶ e Antón Santamarina Delgado (*Pra unha terra apremida*, 1961)⁶⁷. Por certo, no libro de Neira Vilas o poema “Palavras do poeta esmorrente”, despois dunha diatriba contra os fríos burócratas, os zumezugas e os avaros, aclara que a súa riqueza son “un xardín de palabras infindas, horizontes de marfil e fogo, / orballo coruscante...”, materia que “inizará de verdades o Universo”. Sen entrar de cheo no noso esquema, este testamento literario contén unha clara referencia ó binomio tan goethiano poesía e verdade.

O libro *Pra unha terra apremida*, un dos de intención sociopolítica máis cuestionadora, non contén ningún poema metaliterario pero ofrece un peritexto, a adicatoria, que, nalgunha medida, debe terse en conta nun estudio coma este: “A tudol os pobos que loitan pol a súa redenzón ista inquedaanza nun idioma que é protesta”.

Este libro foi publicado na editorial Citania, fundada e dirixida por Luís Seoane, figura fundamental na práctica, na teoría, na defensa e no espallamento da literatura e da plástica civil. De feito, na historia da poesía civil galega o seu libro *Fardel de eisilado*, de 1952, é un fito, en certo modo o fito inaugural, porque o anterior é a prehistoria do fenómeno. A intención do poemario adiantaa o autor no capítulo que titula “Adicatoria e crida” con termos coma estes: “Adico estes poemas a meus pais, emigrados... O teima central que os xunta é a emigrazón, un teima permanente de Galiza intentando ofrecer ao púbrico, aínda a traveso de algús héroes anónimos, verdadeiros [...] a visión dun fenómeno coleitivo galego cuos motivos principaes ten de atopar, o técnico especializado, na desarraxada orgaizazón económica galega nas máis desvariadas épocas, nas persecucíós políticas e nos prexuicios sociaes”.

Autor, Seoane, doutros libros⁶⁸ nos que non escasean as páxinas críticas, a súa obra poética foi ben caracterizada e valorada (nos logras e nas limitacións) por Méndez Ferrín: “É a súa unha poesía dirixida a configurar a conciencia histórica e social dun pobo asoballado. Nesta dirección o vate actúa coma tal e oferécelle aos galegos unha «liña mitolóxica» de emoción revolucionaria que sobrepasa o celtismo de Pondal e os mitoloxemas de toda nacionalismo anterior. Agora o centro do mito é o pobo, as grandes masas das que sobrancea ás veces un nome carregado de significación, os signos da arte popular que veñen desde a prehistoria. Pro a súa dicción é ríspida, monotona, pouco matizada e pouca dúctil. Usa dun verso libre brusco e xoto. A épica de Seoane resólvese xeralmente nun discurso sen matices e achegado á prosa [...] Foi.o

⁶⁶ Follas Novas, Buenos Aires, 1960.

⁶⁷ Citania, col. Herba de namorar, Buenos Aires, 1961.

⁶⁸ *Na brétema, Sant-Iago*, Botella al Mar, Buenos Aires, 1 956; *As cicatrices*, Citania, id., 1959 e *A maior abundamento*, Cuco-Rei. A Coruña, 1972. Foi recolleita, por el mesmo, no vol. *Obra poética*, Edicións do Castro, 1977 (con pról. de Basilio Losada).

iniciador, en 1952, da poesía socialrealista en lingua galega, cunha intencionalidade clara de intervención política. Pro a súa obra non acadou o eco correspondente debido ó limitado das tiradas dos seus libros e a que non foron distribuídas en Galicia"⁶⁹.

Creo, con Méndez Ferrín, que foi pouca a presenza, entre nós, dos seus primeiros libros. Quizais a poesía social de Celso Emilio nos libros de 1955 e 1962 estea allea a *Fardel de eisilado* (1952).

O que si tivo que ser comentado entre os nosos “lletraferits” foi a súa autopoética de 1955, o único texto -co de Celso Emilio- que “desentoa” na famosa *Escolma* de Fernández del Riego. Cómpre reproducila enteira:

Quixera facer unha obra -penso non tanto no que escribo como no que pinto-, que non somente tivese que ver cos elementos da natureza, senón que fora ó mesmo tempo un alegato polo home; polo home galego, que é un xeito de que o sexa polo home universal, e por Galicia, coma o fixeron Pondal, Rosalía, Curros, e cantos poden seren clasificados coma precursores, independentemente da técnica que tivesen empregado e da beleza formal da súa obra. Un poema foi sempre un testimoño do home e da súa época. Aínda que isto xa se dixo, convén repetila pra aqueles que o esquecen, e abálanse nunha aitude permanente de xogares entreténdose no puro xogo; ou pra aqueles que tratan de esquecer a realidade, percurando a complicidade de un arte ausolutamente deshumanizado. Un poema non pode ser soio un prisma de cores, un xeito de xuntar verbas fermosas e producir soídos; é o berro de un home, o esgazamento que producen no seu espírito os feitos do pasado trocados en eternidade, en mito; é o desespero de Xob, a visión de Apocalipsis ó igoal que a lenda que é carne do pobo. Un poema é unha reflexión trascendental coma en Unamuno, é o berro desatemperado de León Felipe, ou a trasfiguración satírica, enumerativa e automática de Prévert. E, pode ser todo iso, a door do desterro en Alberti i en Lorenzo Varela, e a cantiga do pobo.

Estamos arrodeados de posibres temas poéticos. A realidade é unha fonte inesgotable de mitos, de poesía; o importante é saber extraguela pra lla devolver ós homes, trocada nise algo concreto e indefinible que é un poema. O que eu fago é unha especie de extensión descritiva da miña obra pintada ou dibuxada. Pretendo decir con verbas o que eu supoño que non podó espresar dabondo con liñas e cores, pensando pra min que as obras de arte efeituadas por un home siñifican sempre, cando se analizan na súa totalidade, unha aitude moral. Facer que os demáis vexan, é o propósito dun artista cando coida ter extraguído algo de si mesmo, ou de aquilo que o circunda: natureza, homes, guerra, paz, sentimento, ouxetos. Facer que os demáis vexan e sintan, coma un ten visto e sentido. Ver e sentir pra eternizar⁷⁰.

Neste “alegato polo home” está o Seoane que en 1953 xa publicara, en verso, “un alegato polo home galego”, pero está tamén, creo, o Seoane que lera o libro de Sartre *Qu'est-ce que la littérature?*, libro de cabeceira, neses anos, de case tódolos intelectuais progresistas preocupados polo tema do compromiso do escritor⁷¹.

⁶⁹ *De Pondal a Novoneyra*, 1984, p. 101.

⁷⁰ Op. cit. na n. 37, pp. 229-30.

⁷¹ Publicado, en francés, en 1948, desde 1950 existe trad. castelá, de Aurora Bernárdez, na Editorial Losada de Buenos Aires. É libro que, polo menos desde este ano, non debeu escapar á curiosidade e voracidade bibliográfica de Seoane.

Tamén o artista Luís Seoane teorizaba, polas datas de *Fardel de eisilado* (1952), de xeito moi semellante. Léase o prólogo do álbum *Paradojas de La Torre de Marfil*⁷². un álbum na liña, como aclara nese limiar, de Goya, do Picasso de “Sueño y mentira de Franco”, da primeira época de “Simplicissimus”, de Grosz, de Castelao, etc.

Pero Seoane foi convocado neste apartado concreto, referido ós anos 1958 e 1959, os anos dos “manifestos” da revista *Eufonía* e do poeta Xosé Conde, porque nestes anos non só fai poesía “comprometida” senón que publica artigos moi claros en defensa da importancia e da necesidade dunha literatura “de compromiso co povo galego [...] ao servizo dos problemas políticos e sociais”⁷³. Son palabras de 1959. Estas ou outras da mesma índole provocaron unha réplica (en carta privada) de Ramón Piñeiro cuio maxisterio, daquela, na Galicia da Terra, influía tamén, nalgunha medida, nos planteamentos estéticos. Interesa reproducila enteira:

Compostela, 30 de xaneiro de 1958

Sr. D. Luís Seoane
Bos Aires

Meu querido amigo:

Recibín e lin con todo interés o teu novo libro *La Soldadera*. Para che decir a verdade, estou mesmamente asombrado da túa extraordinaria capacidade creadora, certamente non menos sorprendente pola intensidade que pola diversidade dos teus campos de cultivo espiritual. Semella talmente que tiveras dentro de ti a enerxía de media ducia de homes dinámicos. Como eu non teño nin a décima parte da túa capacidade de traballo, admiro moita, cada vez máis, a túa inesgotable fertilidade.

Desta máis recente obra pouco che poido decir dada a miña impericia crítica en materia de teatro. Impericia que quizais sexa extensiva a toda materia literaria, pois as contadas veces que fixen algún xuicio valorativo nese terreo sempre provoqueei airadas protestas. Vexo que insistes unha vez máis, nesta ocasión por vía teatral, en percurarlle realidade artística ás túas vellas e sinceras inxerencias de tipo social-revolucionario. Tes pleno dereito a facelo, naturalmente, e máis aínda no teu caso persoal, que responden a un sentimento moi arraigado. Pero non debes esquecer que o camiño é, por certo, abondo arriscado, como se pode ver contemplando a gran cantidade de producións artístico-literarias dese tipo nas que os resultados estéticos son tremendamente febles. Cando un artista ou un literato se pon a dar voltas e máis voltas arredor dunha “idea” en lugar de as dar, cos ollos limpos de prexucios, arredor da “realidade”, está sempre á beira do *artificio*, que é bastante distinto -ti sábelo millor ca min- da verdadeira arte. Toda insistencia obsesiva sobre unha mesma idea leva dereitiño á retórica, á fórmula, causas que, dende logo, poden ter -e teñen de feito- indudable eficacia propagandística, pera a expensas da súa intrínseca calidade estética. Naturalmente, esto non o digo porque a ti che teña ocorrido tal cousa, senón, máis ben, porque tes o perigo de que che ocorra algún

⁷² Botella al Mar, Buenos Aires, 1952.

⁷³ “O compromiso e a renovación cultural”, artigo radiado en castelán o 6-10-1959. Recolleito no vol. *Galicia Emigrante (1954-1971)*, Edición do Castro, 1989, p. 446. (Os textos en trad. galega de Lino Braxe e Xavier Seoane.)

día. E conste que che desexo de todo corazón que sigas librándote del.

Non vaias pensar, como tantas veces lle ocorre ó editorialista de *Galicia emigrante*, que todos os que non nos adicamos á literatura ou á arte social-revolucionaria como cultivo preferente, estamos anestesiados para o problema real (real e non ideolóxico, que son causas ben distintas) da xusticia social. Non o penses así porque te equivocarías, o mesmo que se equivoca, con pueris arrotadas admonitorias, ese editorialista. O que ocorre é ben sinxelo de explicar: somos moitos -en Europa moitísimos, cada vez máis- os que distinguimos o problema da xusticia social como un fin en si mesmo, da xusticia social como vehículo propagandístico ó servizo de fins distintos. A confusión arte-cultura-loita de clases-revolución, que estivo en boga hai 25 ou 30 anos, cando nós eramos rapaces, agora é un puro anacronismo, polo menos neste Continente. Xa non me estrevería a dicir que tamén o sexa aí, porque, en xeral, sempre tardan aí algo máis en asimilar as experiencias profundas de Europa. Mesmo por eso danse tanta presa en asimilar as externas e superficiais. Estate seguro, pois, e procura convencer deso ó malpocado editorialista, de que para moitos de nós a arela de xusticia social é un problema moi importante, de importancia primordial -como todo o que ten unha raíz moral-; e tamén a arte e a cultura en xeral son para nós cousas moi serias no destino da humanidade. Por eso nos repugna converter a xusticia social en pura mercancía de propagandas espúreas e nos repugna igualmente o degradar e envilecer a cultura en funcións extra e incluso anti-culturais.

Seguramente, dado o teu temperamento impulsivo, irritaraste comigo ó leres esto que che digo. Con todo, non deixes de pensar que non procedería como amigo se non che dixese lealmente a que penso. E podes estar seguro de que me considero bo amigo teu.

Unha aperta moi cordial de

Ramón Piñeiro⁷⁴

Cónstame que existía amizade seria entre Ramón Piñeiro e Luís Seoane, pero hai na carta de Piñeiro unha figura (literaria) que, supoño, alporizou a Seoane, non difícil de alporizar. Refírome ás referencias, dúas, que fai ó editorialista de *Galicia Emigrante*, que Piñeiro sabe moi ben que é o mesmo Luís Seoane. Conviría dar a coñece-lo epistolario cruzado por ambos neste ano, o que nos ilustraría, sen dúbida, para entendermos mellor o feito literario galego dese tempo. Coñecemos, si, os editoriais de *Galicia Emigrante*, onde non é difícil atopar páxinas que parecen responder á réplica epistolar de Piñeiro. No n.º 30 (agosto e setembro de 1957) figura o editorial que provocou, creo, a severa carta de Ramón Piñeiro. Titúlase “Querubines en el bestiario”, e del reproducimos estas liñas:

¿Cómo clasificar a esos hombres que viven en Galicia sin ver Galicia?
¿Por qué al ejemplo de Rosalía, de Curros y en general de los precursores,
prefieren el de los poetas cortesanos en un país sin Rey ni Cortes y en la
pobreza? Seguramente lo mejor será no clasificarlos. Podríamos afirmar

⁷⁴ Publicada en *Grial*, 111, 1991. pp. 460-62. Houbo, hai meses, en *La Voz de Galicia*, unha polémica sobre o texto desta carta entre Isaac Díaz Pardo e Carlos Casares.

simplemente, no son. Claro que al lado de ellos, juntamente con ellos, algunos de una generación calificada por uno de sus componentes más ilustres de tartamuda realiza en cada nuevo trabajo su protesta, y suponemos alienta en los más jóvenes aquel espíritu, el de Juan Tuorum, el de Ruy Xordo, que está consustanciado con la mejor tradición de Galicia. No podemos clasificarlos entre los monstruos. No llegan a la categoría de tales. Ni entre los ángeles, ni entre los diablos. Quizás podríamos intentarlo entre los querubines, una forma bobalicona de cabezas aladas que sólo sirven para adorno y no llegan a ser ángeles. Unos intelectuales querubines que adornan Galicia como adornan el cielo barroco los querubines de las iglesias.

¿Sentiuse aludido Piñeiro?

Recibida a dura carta, Seoane non modifica, na súa revista, a liña editorial. Repárese, por exemplo, no n.º 36, que corresponde a setembro de 1958, no que lemos:

Habíamos imaginado un nuevo capítulo de este bestiario, iban a intervenir en él hombres-topos como en “El pueblo del infierno”, gigantes-morales y algún dragón, pero ¿para qué? Quizá mejor sea no insistir demasiado sobre una realidad tan notoria que basta para mostrarla con que algún turista la fotografíe. Sobra con la lectura del petitorio a la O.N.U. de los quinientos presos políticos de la cárcel de Burgos, pertenecientes a diversos partidos, que publicó la prensa argentina. De los quinientos presos políticos de una sola cárcel española. He aquí otro capítulo de bestiario. Pero no lo continuemos. Quizá comencemos una serie de notas que denominaremos “Consignas”. En ellas tendrán desarrollo todas aquellas que coinciden con la actualidad política gallega y que fueron lanzadas por los precursores. Las consignas de Murguía en el prólogo de su *Historia de Galicia*, a fines del siglo pasado, que hoy, si algunos de los que hablan de consignas, las leyesen, les parecerían simplemente “comunistas”. Las consignas de los poetas: de Rosalía, de Curros, de Pintos, de Carvajal, etc. Las consignas de todos aquellos que en Galicia amaron la libertad y que forman parte de la verdadera tradición gallega, la que nace en las sublevaciones burguesas de Compostela, en los Irmandinos, llega hasta el siglo XIX con todas sus revueltas liberales, y en el XX la figuran Castelao, Bóveda, Quintanilla, Blanco Torres, Víctor Casas, Xohan Carballeira, etc., los “paseados” y los desterrados, y no tiene nada que ver con la mezquina Tradición de que escribe un autor último, en su afán de empequeñecer al Otero Pedrayo galleguista y parlamentario de la República, y que apenas puede reunir en toda Galicia tres nombres de algún valor. La tradición gallega, sin T mayúscula, es la de la lucha del pueblo por su libertad, al menos hasta 1936.

Así pois, en 1958 e 1959 Luís Seoane está de cheo interesado na existencia dunha literatura galega mergullada na lama e na luz da historia e no presente de Galicia: un progresista que non quere desvirtuar-la literatura e que fai o posible para que esta non se desentenda da historia en marcha.

Así as cousas, chega Celso Emilio Ferreiro: chega, en outubro de 1962, *Longa noite de pedra*. Desde esta data -desde este poemario- vai ser moi difícil, para os poetas galegos, non facer poesía “social”. Farana, durante case vinte anos, desde poetas laureados, como Manuel María, ós rapaces novos, algúns das cales estréanse como

poetas de protesta. Non abundan, entre os discípulos, as páxinas valiosas, pero esa poesía é a moda daquel momento político. Eses son os poetas que se citan, que se recitan, que se cantan e que se reeditan, e non se reeditan, por exemplo, os libros de Cunqueiro ou *Nimbos* de Díaz Castro.

O certo é que, once anos despois de *Longa noite de pedra*, alguén, canso ou farto de denuncias, compromisos e versos revolucionarios, escribe un manifesto que está nas antípodas dos manifestos que aquí se examinaron e que, en parte, forxaron ou consolidaron a poesía civil. O autor, Florencio Delgado Gurriarán, non viña da evasión ou da Arcadia, pois é o “Nadel” que en 1943, no *Cancioneiro da loita galega*, ensaiara, unha e outra vez, a poesía belixerante. Temos que pensar que, para o noso autor, pasadas certas situacións de emerxencia, a poesía debe abrirse á lúa, ó amor... e, tamén, ó rigor formal e métrico. Así pois, a poesía civil, defendida e gabada en “manifestos” pouco antes de 1962, produce un “antimanifesto” en 1973.

Neste discurso, señoras e señores, debruceime sobre un tema literaria que, segundo a miña información, ninguén tiña tratado. Se é así, e estou plenamente convencido de que é así, abonda esa condición -a de non ter sido estudiado- para que un profesor de Historia da Literatura Galega se interese, profesionalmente, por este asunto. Actuei, ante el, pois, como estudioso, se ben debo recoñecer que hai na miña condición moral, que é previa á profesional, unha simpatía que mesmo debeu funcionar á hora de elixir, como tema deste discurso, o que vimos de expoñer e non ningún outro. Sen embargo, o meu interese polo social, expréseo ou non o escritor, non embazou, creo, a miña sensibilidade de lector, e a proba está nas páxinas precedentes, onde, en ningunha delas, prorroppo en gabanzas extremas ante a calidade poética das composicións examinadas, composicións ás que, en ocasións, denomino “textos en verso” e non poemas. Máis aínda. Nin cando falo da poesía civil deses anos se me vai a man á hora de escoller e administrar adxectivos: nin Celso Emilio Ferreiro, autor dalgunhas páxinas conmovedoras de importante calidade, é un poeta xenial, nin Luís Seoane, personalidade intelectual e artística tan rica e influente, posuía en grao elevada o don da forma poética.

Ben sei, señoras e señores, que arestora non está de moda o compromiso cívico do escritor, que a literatura social non ten predicamento e que a figura do poeta civil resulta un tanto estraña: tres razóns que, moi lonxe de desanimarme, movéronme a interesarme a fondo polo tema escolleito. Ben sei, tamén, señoras e señores, que a poesía de asunto cívico, tanto no período examinado como noutros, está poboada, inzada, de páxinas de cativa ou ínfima calidade, pero iso mesmo acontece, dentro e fóra da nosa literatura, no eido da poesía amorosa, no eido da poesía relixiosa e noutros eidos.

Sabido é (ou debería saberse), señoras e señores, que o problema planteado pola poesía civil non é particularmente complexo: a poesía civil de Curros Enríquez ou de Celso Emilio Ferreiro é importante como *civil* na medida en que o texto de contido cívico é *poesía*. Por tanto, un poeta non é grande porque cante a guerra ou o amor; a protesta política, a denuncia social ou a controversia moral é grande, nun poema, se está formulada poeticamente. Por conseguinte, a poesía civil de Celso Emilio (ou doutro escritor) non habería que entendela como espada e canción senón como espada *na* canción. Cúmprese, de novo, o establecido nunha vella fábula que algúns cren apócrifa. Conta a fábula que os deuses antigos asignaran ó vento e á poesía a mesma misión, a de

cantar. En efecto, os vellos deuses decretaron, no momento da fermosa invención, que a misión da poesía e maila do vento era a de cantar no bosque, ben entendido que, ás veces, tanto o vento como a poesía alporízanse e, sen deixaren de cantar, arrincan as malas herbas.

Por outra parte, quizais conveña ter en conta, unha vez máis, o que en 1948 formulou Jean-Paul Sartre con tanto xeito: non se é escritor por dicir certas cousas senón por acertar a dicilas dunha certa maneira. Pero non foi Sartre o primeiro en tratar sobre a responsabilidade moral do escritor, tema tratado, cuns ou con outros matices, durante séculos. Xa na *Ars poetica* de Horacio se establece que o poeta ha de mestura-lo que deleita, o que é doce e fermoso, co que ensina, co que é útil:

Omne tulit punctum qui miscuit utile dulci,
lectorem delectando pariterque monendo⁷⁵.

Recordo agora un famosísimo ensaio estético de don Vicente Risco no que se arrepón a estes dous versos de Horacio con estas palabras: “Una obra de arte no debe ser útil sino en cuanto es útil la belleza. Diga lo que quiera Horacio, lo dulce no puede mezclarse a lo útil sin bastardearse. Buscamos el arte puro, el «arte por el arte». Esto se opone radicalmente a toda pretensión didáctica”⁷⁶.

Algún tempo despois, en 1935, alguén que, se cadra, estaba entre Vicente Risco e Horacio, preguntalle a Pedro Salinas: “¿Cree usted que la literatura y el arte deben mantenerse al margen de las inquietudes sociales de nuestro tiempo?”

A resposta de Pedro Salinas, coa que finalizo o meu discurso, foi: “No sé si la literatura y el arte *deben* mantenerse al margen de las inquietudes sociales. Lo que creo es que no pueden”⁷⁷.

Dixen.

⁷⁵ *Epistula ad Pisones*, 343-44.

⁷⁶ “Preludio a toda estética futura”, *La centuria*, Ourense, n.º 5, 1917, p. 20.

⁷⁷ “Encuesta a...”, *Almanaque Literario*, Plutarco, Madrid, 1935, p. 87.

APÉNDICE

Textos (en verso) metapoéticos publicados entre 1950 e 1960: textos nos que se propón, dun xeito ou doutro, a poesía civil ou, cando non é así, nos que se postula unha poesía que vaia máis alá “das pombas’ das flores” e dos minúsculos problemas do autor⁷⁸.

FERNANDO BURBIA VALCARCE, 1950

Diante do final

Xoglares da Galiza pelegrina,
trovadores sin Patria que levades
encravado no peito o duro aceiro
das angurias da Terra asoballada,
vinde connigo pra canxar as voces,
que temos de entonar valente canto.

Deixémonos de esculca introspeitiva
ou de inventar, cacáis mentidas penas
cantadas en linguaxe sibilino
que nin nosoutros mesmos entendemos.

¡Cumprámol-a misión dos nosos días
cargados de tremendas amiazas!

Os de agora non son tempos doados
pra afundirse na sima dos instintos
disfrazando con líricas metáforas
as lascivas pasións que nos consomen;
nin de escarabellar na podredume
das humanas miserias,
armados do escalpelo, hoxe de moda,
da máis torpe e falaz filosofía...

¡Non son xornos de torres metafóricas!

¡Quen non erga hoxe a voz en son de loita,
traballa sin querer pras tiranías
que, coa fame dos pobos,
engordan o feroz imperialismo
dirixido por fatos de amoraes!...
Escusemos seus versos decadentes
aos que moran no chan da Terra escrava
faltos de alas de luz pra o pensamento,
cos espíritos en somas mergullados.

Pro, nós que estamos ceibes,

⁷⁸ Reproducimos con toda fidelidade os textos. Só “corriximos” no caso, moi poucos, de evidentes erros de imprenta. (Incluso nun poema respectámo-la forma “himños”, por “himnos”.)

percuremos suplilos na laboura
que non poden cumprir,
entonando, por todos, rexos cantos
con voces craras e sinxelas verbas.

Máis que nunca, as concencias
“queren revelacións e non misterios”.

¡Que esta frase do gran celanovense
nos sirva coma lema no futuro
e que o numen xenial do rexo Bardo
sexa noso guieiro e nos inspire!

(Alba, Vigo, n.º 5, s.d. ¿1950?)

XERVASIO PAZ LESTÓN, 1953

Revelacións e non misterios

Falarei si, nas mesmas verbas que os poetas antigos,
nas mesmas verbas craras soando a ribeirana,
as verbas do casal e da eirexa pequena,
pero non voltarei co pano das tristuras saudosas,
nin co arume teimando po lo ár,
nin ca chouza triste dos abós.

Falarei dos homes e dos mortos
neste intre batedo po los cans arrabeando
e po los vermes brancos que pasan po lo monte.

Neste intre soyo, deserto de canzóns e de muiños ceibes, cas noites de
encrucillada pretas de homes arrinconados no mundo,
e batidos po lo vendaval das balas
ca sua monocorde caída nas cunetas cheas.

Xa está ben, poetas do millo e do miragre.
Xa está ben o voso cántico xovial e campanudo.
Xa Galiza ten fartura das vosas historeas sentimentaes.

Ten o paisaxe cunha nube de sangue
que non escoita mais que voces,
voces sen agarimo, sen mulleriñas, sen choiva de amor, coma un ronco
cramor en coiros desde o vál,
que camiñase cos lobos, e cas alimañas
pra segar as frores certas que aínda están nos picoutos.

E un nadal de ferros e de ventos mornos
que desfixo o cruceiro, a procesión i a barca
pra arrancar do camiño a inocencia dos nosos labregos.

Po las veigas de currunchos ceibes,

as das noites inzadas de medos
de que falaron nosos vellos cantores,
brúan as carretas da fame e da noite.

Xa ninguén tén medo as bruxas,
a as probes bruxiñas da derradeira historea.

Xa o castiñeiro non ten a lembranza dos emigrantes.
Xa non hay cheiro de festas e muiñeiras,
nin as mozas cas trenzas baten picos.

Galiza ten o tempo do mundo,
cas mesmas cousas a distinto xeito.

Deixade xá poetas de cantar as corredoiras,
deixade xá de alabar postas do sol

Respetade a os primeiros precursores,
e falade do tempo perto que envolve ista procesión de ataúdes.

Falade da noite escura que envolve a nosa terra
coma unha xiada de néboas primeiras,
e chamade a as lonxanas campás
pra que soen na noite por nosos irmáns.

Mais... aínda volverán as espranzas
cando haxamos bicado a os nosos fillos
e sexan eles os que griten po la terra.

Entón, resurrexit, compañeiros,
que virán as gaitiñas co roncón ferido
pra encher as rayolas cunha nova alborada.

(*Alborada*, Buenos Aires, n.º 156, 1953).

ALBINO NÚÑEZ DOMÍNGUEZ, 1957

Musa galega

Musa bravía e sinxela,
non se folga con ninguén
se non é d'arnaxe d'ela.

Com'as rosiñas brañegas,
xurde a musa d'ista terra
por antre as xentes labregas.

Musa irmá da natureza
que, na barafunda urbana,
sen frema, doille a cabeza.

Todo cheirume ILe ofende;

non quer mais que o da montana
que a fror salvaxe arrecende.

Non sinte o mais leve aldraxe
en prantarse diante o mundo
co seu campesiño traxe.

Laberquiña que non deixa,
co gallo do modernismo,
o niño rente a carqueixa.

Regueiriño d'auga limpa,
que por leito penedío
tan ledamente se chimpa.

Bris que da praia lonxana
sopra amaciando no vran
o sol que queima a montana.

Musa que non se acomoda
ás vértolas fuxidías
i-antoxadizas da moda.

Musa xamais esquecida
por cantos buscan a i-arte
no mesmo senso da vida...

(Lar-Revista del Hospital Gallego, Buenos Aires, 25-7-1957)

MANUEL MARÍA, 1958

Digo o meu mensaxe

Sin metafísica poética digo o meu mensaxe:
vívide.

Sin berros que cheguen as entranas:
vívide. Vivir sempre.

Vivir agora, denantes e despois.

Case me da vergonza decir esto
que non se poide maxinar nun poeta:
non estou magoado,
non sinto desacocoros,
non sinto case nada.

Aproveito a ocasión pra decir dende aquí
Señor Don Salvador Dalí: pra pouco val
a mística noviña que vostede
quer sacar do alquitrán retorcendo o bigote.
Os homes imos carregando como tolos
porcalladas, andrómenas, lixos e morrallas.
Os versos pouco valen
e non son, xa que logo,

unha gracia de Deus a unhos varós eleitos,
requintados, fondos, sensibrísimos.

Aquel Ilustrísimo Señor Don Gaña Cartos,
moitas cruces
sigue sendo -con cruces- un cabalo.
A azucea non é pura e ten seu lixo:
ó fecundar deixou de ser virxinidade.
Eu ben sei que algún poeta ó saber esto
chorará.
Só a vida val. Só o home que é home,
que anda cos ollos abertos por sí mesmo,
conscentemente só, isolado do fato.
Eis o meu mensaxe: vivide.
Sin azuceas, sin luas, sin andrómenas.
Sei que non son un poeta orixinal
pero éme igoal, si estes meus versos
vos amosan a vivir sós, sin lixos nin morrallas.

(*Documentos personaes*, Celta, Lugo, 1958.-No colofón: abril, 1958)

AVELINO DÍAZ, 1958

Agora...,ren

Nosa Terra, no século pasado,
forneceu ben acesa rebertía;
daquela o noso povo conquería
o ser por rexos bardos esteado.

Neste século vinte, xa gorado
pra Galiza, non tén a poesía
reberte pensamento, nin a guía
un senso cramoroso i arriscado.

Agora soio tein os bardos nosos,
cando non alouvanzas pra raposos,
un calado consenso de galiñas.
Non a Brañas imitan, ou a Leiras,
a Curros e Pondal. Son tecedeiras
a facer tan somentes panxoliñas.

(*Eufonía*, Buenos Aires, n.º 1, setembro, 1958).

EUFONÍA, 1959

Cantai, poetas, Cantai..!

Cantai con nós, poetas, as vosas tenras trovas;
cantaille os patrios himños á meiga Terra Nai,

niste ecoar nacente,
niste cramor crecente,
que en ampria avencellanza abrolla aquén do mar.

Cantai cal noutros tempos cantaran nosos bardos
nas enxumosas sagas do primixenio clan.
Cantai cal o fixeran nos vellos Cancioeiros
xogares e troveiros na Edade Meioeval.

Cantai cal inda onte cantara Rosalía
en monocorde ritmo con Curros e Pondal.
Cantai, xa que Galicia recrama dos seus fillos
os redentores ecos que a fagan apular.

Cantai con afouteza as coitas distes intres,
por ver que o dóce berce retarda o transitar
cara ises hourizontes de albor e de albedríos,
que abura dende hai sigros seu núcleo cibdadán.

Cantaille os que por ela tivestes a ventura
de ser os elexidos pra seu plectro pulsar.
Prestaille as vosas voces; facei que se espaleza
coa enxebre resoanza do módulo racial.

Cantaille os que ficades sen mellas nin lagóas
na vos a integridade da homía cibdadán.
Deixai que os vosos ecos aneguen os reductos
onda inda impera a noite dos que a queren negar.

Cantaille, si, cantaille as vosas tenras trovas;
cantaille os patrios himños á meiga Terra Nai,
niste ecoar nacente,
niste cramor crecente,
que pra cantarlle a ela xurdiu do aquén do mar.

(Eufonía, Buenos Aires, n.º 2, setembro, 1959)

XERVASIO PAZ LESTÓN, 1959

Agoiramento

I

Ao numen tutelar do esgrevio bardo
das variles e xustas rebertías
ofreceulle seu lírico homenaxe,
nas planas primixenias, EUFONÍA.

¿Podería levar máis outo siño
ese ofertorio de sonoras rimas?

¿Qué terá de alcontrar máis diño alcuño
que o do maior poeta de Galicia?...

¡Que o eiscelso espírito que viveu loitando
contra o mostro feroz das tiranías
inspire as voces dos aedas novos
que sonean na Terra ou pelegriñan!

¡Que os delores da Patria hoxe en silencio
tremen nas cordas das noveles liras
deica soerguer ó pobo en odio santo
que, tras roxas auroras, o rediman!

Acender o rencor en contra os déspotas
é condición primeira da poesía,
tamén a de puñar contra a ñorancia
que embouta a humanidade de ñominia.

Non está o tempo pra enfiar metáforas
que, en rebogado estilo, nada digan
mentras cantan na Terra encadeada
as voces das xenreiras homicidas.

Son tempos do deber ineludible
pra que o vate chamou “casta maldita”.
¡Quén hoxe non pulsare as roucas cordas,
que, pra sempre, enmudeza e crebe a lira!...

II

Si o enxebre numen do tronante Curros
tutelou a nacencia de EUFONÍA,
ben está que a avalar veña istas outras
a dóce santa laica de Galicia.

Despois do inspirador bico de Xove,
a branda man que ampara i agarima
do outo arquetipo da muller galega,
da musa do delor, de Rosalía.

¡Que o alerta alcuño das augustas somas
luz poña no vieiro de EUFONÍA,
pra que esta voce que antre dóres nace,
acade longa e resoante vida!

(*Eufonía*, Buenos Aires, n.º 2, setembro, 1959)

XOSÉ CONDE, 1959

Canta, canta

Mentras seamos moeda pra deudas
da burguesía,
da crerigalla,
do home-Estado
e nos despetelen pra esterco,
non podemos decir cantigas pra lecer de ouvidos
nin faguer versos pra loubar.

Non podemos cantar de outro xeito
mentras teñamos as raíces ó ar
e nos poxen en todas as feiras.

Non podemos cantar mentras haxa barcos
pra desterrarnos
e nos manden coma gando pra matadouro.

Non podemos cantar así ceifados de nos mesmos.

Ti que non sabes o que é perder pe
podes cantarlle á lua
mentras desfollas margaridas
e teces grinaldas pra enfeitarte.

Nos, que nin deletramos esta mágoa,
¿vamos buscar a química das froles
e xuntar sílabas pra loanzas?

Crecemos antre trallazo e trallazo
nas rendixas dos muros
co ouseso do que ten que chegar á algures
aunque non sea máis que pra empezar de novo.

Tí canta, canta, sin trasacordo que che morda
nin bágoas que che gotexen.
Nos non temos máis que este berro.

(*Terra aluciada*, Follas Novas, Buenos Aires, 1959.-
No colofón: setembro, 1959)

XOSÉ NEIRA VILAS, 1960

Palavras do poeta esmorrente

Denantes de caír
na escura corga do silencio

vou decir algo máis...
vou facer testamento.

Non vos acheguedes
pantasma de carimbvo e tinta,
miñatos xinueiros.
Vos queredes herdar bens e riquezas
que eu non tiven nin teño.
Arredade
zumezugas, avarentos,
ide xuntar pedras
pra redoar de valos vosos eidos;
ide axiña,
non perdades tempo.
Ide mercar o mundo
que estase a vender a baixo prezo.

Veñan
os homes livres, xenerosos, sinceiros.
Veñan
que pra eles teño
gardado nunha ucha de cristal
meu fraterno mensaxe derradeiro.
Amigos, irmáns
déixovos:
un xardín de palabras infindas
pra futuros versos;
un manantío de soños,
inquedo, enxebre, aceso;
hourizontes de marfil e fogo,
orballo coruscante,
vieiros
por onde irán vosos pasos á percura
dun ronsel ventureiro
que esgazándose en froles
inزارá de verdades o Universo.

(Dende lonxe, Follas Novas, Buenos Aires, 1960.- No colofón 20-5-1960).

CELSO EMILIO FERREIRO, 1960

Credo

Eu creo que iste mundo é moi fecundo
e que hai algunhos ríos hidroeléctricos,
pero que o ventre das doridas nais
sexan montós de trigo,
nunca podrei creelo.

Creo que a lúa é aquela cousa
que está no teito da noite,

pero que o avión que pasa rum, rum,
fugando por enriba, sexa insecto,
nunca podrei creelo.

Creo que os homes pecan sete veces,
por sete veces sete cada día,
creo na xeometria,
creo no átomo tan pequeniño,
pero que haxa unhos seres
capaces de leer tranquilamente os xornales
sin sentir tremer de noxo as vísceras,
nunca podrei creelo.

Cambio de teima e por exemplo digo:
Elisabet un ciclón made in USA,
sementou o Caribe de cadáveres.
Bombas en seta, pun e tiranias,
negro linchado en Little Rock, Arcansas,
os dereitos do home en guerra fria.

Cambio de teima e verbigracia digo:
Qué disgracia tan grande ser poeta,
oficio de chorar sin cobrar nada,
oficio de cuspir na mar inmensa
e de chantar pancartas no deserto.
(Poetas conformistas desta terra,
—testicular emporio de esqueletes—
mentras o home loita, chora e sofre,
cantai a violeda, a margarida,
e desfollai a rosa reticente
dos vosos mínimos problemas...
decide si a todo e medraredes).

Cambio de teima para decir ecétera,
ecétera, xa sabes, en voz baixa,
con puntos suspensivos
que mostran as palabras prohibidas
que loitan por sairme,
que xa me están saindo
con forceps de xenreira e mala uva:
hai algo que está podre en Dinamarca
e fede que alcatrea dende sempre.
Despois entonarei un gran Tedeum
laudamus optimista pra dar gracias
ao ceo poderoso
que me labrou esi como me vedes,
pedra deixada, cousa estremecida,
canle de tempo e sono. Digo, un home.

(Papeles de Son Armadans, Palma de Mallorca, diciembre, 1960)

ANTÓN SANTAMARINA DELGADO, 1961

A tudol os pobos que loitan pola súa
redenzón ista inquedanza nun idioma
que é protesta⁷⁹.

(*Pra unha terra apremida*, Citania, Buenos Aires, 1961)

APÉNDICE Ó APÉNDICE

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN, 1973⁸⁰

Nova arte poetica

(O que se pique, allos come)
(do povo)

Rimar e escandir o verso
cousa anacrónica é.
¿Pra qué cincelar sonetos
ou romances compoñer?
¿Serventesios, redondillas?
¡Tempo botado a perder!
O asonar ou consonar
xa non serve para ren:
nin do Gautier o esculpir,
ni a música do Verlaine...
Corta o verso onde ti queiras,
cousa doada abofé;
fai a “figa” á Preceptiva,
que só serve pra empecer.

Cantar samente a beleza
anacrónico é tamén.
Esquece o luar e a lúa,
que xa ten calcos de pes
dende que os americanos
alá foron de “week end”.
Non fales de amor nin rosas,
mixiriqueiro lecer
que non gorenta en ningures,
que non percebe ninguén.

Pregoa, a túa consigna,
unha e unha e outra vez.
Sexa verdade ou adrola
o que ti andes a expoñer,
malla, malla e amartela,
sen trégoas, sen esvaecer;

⁷⁹ V.o que dicimos no estudio.

⁸⁰ Esta é a data que se consigna na ed. de 1986. ¿Publicouse antes deste ano, fose ou non en 1973?

marteira con teimosía
pra as mentes amolecer;
rilla, cal no queixo os ratos,
nos miolos, pois sabes ben
que, pra botar a semente,
compre a terra remover.

¡Rabuña nos pensamentos
pra, as vontades, desfacer,
tautólogo e maniqueo,
se hoxe vate queres ser!

(O soño do guieiro, Edicións do Castro, 1986)

CONTESTACIÓN

DO

EXCMO. SR. DON XOSE FILGUEIRA VALVERDE

Señores académicos:

Quen teña a honra de seren elixido para saudar, no limiar da Academia, a un novo membro que chega, séntese afectado por dúas contrapostas emocións. Dunha beira está a ledicia pola presenza dun novo valor que se agarda vizoso para o labor corporativo e a de poder ponderalos seus merecementos xeira tanto máis doada canto meirandes sexan. Doutra, a añoranza dos que xa non poden seren parceiros do gozo. Canto máis longa a presenza do que fala na institución, tanto máis punxente é a nostalxia. Nesta ocasión crébanse con forza as augas do recordo, porque son moitos sesenta e oito anos de veteranía académica e xa non poden estar connosco nin os mestres que me propuxeron para correspondente no 1925 nin os que nos acompañaban na miña chegada como numerario no 1942, e somentes vive un daqueles ós que tiveron a honra de responder nos discursos de ingreso: Ogando, recibido neste mesmo histórico paraninfo; foron os outros Leandro Carré, Bugallal, Iglesias Vilarelle, Torres Rodríguez... Cifra hoxe tantos recordos o nome de Rafael Dieste —evocado con certos trazos por Xesús Alonso Montero—, benquerido pola súa bondade, admirado polo orixinal e abondoso tributo ás nosas letras nos seus máis diversos eidos.

Fixonos cobizar moito tempo a súa chegada o novo Académico, “Só tarda o que moito se agarda”, din os vellos, e engaden: “Home tardeiro non chega baleiro”. Abonda botar unha ollada á súa bibliografía, lembra-los seus trafegos a prol da Terra; escoita-lo seu discurso tan brandido en noticias como agudo en pareceres, para estarmos certos que non vén coas mans baleiras senón ategadas de brandidos e prometedores froitos.

Laboura docente a súa, con sabencia e con eficacia. “Semper docuit” coma se dixo de Sarmiento. E non só na cátedra (Maxisterio, 1957; Instituto, 1959; Universidade, 1984, titular hoxe na de Compostela) senón fóra das aulas: na conversa, no xuntoiro social ou político, no alporizado mitin ou no acougado coloquio científico, en consellos, xuntas e sindicatos... Sempre e con fidelidade “exemprar” ó galego. E xusto este calificativo de Mestre nos sentidos de “digno de ser posto como modelo” e da “conducta que pode inclinar a outros a que a imiten”. Penso, sobre todo, que ninguén fixo tanto porque a tivesen propia ó noso idioma os traballadores e os universitarios.

Sempre fuxín de converter estas intervencións en ermos recontos bibliográficos. Un anexo ó esclarecedor *Discurso* ofrécenos a reveladora refenda dos centos de traballos: libros, folletos, artigos, prólogos, escolmas, versións, conferencias, participación en tarefas colectivas..., pero quixera pór de resalte algúns temas conductores. A “Palabra”, sobre todo, dende o primeiro libro, de 1963, ó máis recente; “no escomenzo” é sempre, como espello do espírito do pobo e reflexo do ser anímico dos homes, tal que foi manexada no uso da vida cotiá ou exaltada polos escritores; como signo, como escudo e como “sacramental”; recordade os ensaios sobre Cunqueiro e sobre Pimentel... A fala no pasado, hoxe e no porvir, na sociedade, na escola, na súa constitución en lingua literaria e nas crises do tempo escuro; paradigmas, o *Informe dramático* (1973), a *Encuesta* (1974), o *Decálogo* (1989), os *Informes sobre a lingua* (1990). A “Palabra”, escodriñada, asemade nos recantos do léxico e no galano dos poetas. E os cultivadores: na consciencia da condicionalidade nacional e cronolóxica, no correlato entre o típico e o singular, na continuidade e na ruptura, na personalidade individual e na resonancia dende Martín Codax, ás *Fiestas Minervales* de 1697, ó Rexurdimento, á Xeneración “Nós”, ós máis mozos de hoxe. Unha acción teimosa, documental, afervorada...

E lóxico que un investigador da Palabra achegado a Engels, a Gramsci, a Sartre... teña entre os motivos-clave o da valencia do macrosigno poético para a protesta social. Xa o considerou no 1968 no libro *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*, tornou a el no 1977 (*Lingua, literatura e sociedade en Galicia*), en 1981 (*Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...*), nos estudos sobre poesía aldraxenta e protestataría na Edade Media (1971) e sobre *Curros, Leiras, Lamas, Celso Emilio...*

Moitos rapaces dos anos vinte, na outra ribeira ideolóxica, eramos parceiros das teses de Bremond encol da “poesía pura” e de Maritain nas *Fronteiras da poesía*. Mais sen descoñecer nunca que no discanto da fuxida adiante cara á Trascendencia e ó inefable, o poeta-profeta, coa raigaña ben afincada na Terra, ten a obriga de vivir e cantar nosisticamente, e que nada do home, nas súas dores e nos seus anxeios, e na vida social e colectiva, pode ser alleo a el. E tiñamos que recoñecer e gabar ós cantores civís, “fillos da ira”, dende os serventesios e os escarños do medievo ós precursores, de Xoán Manoel Pintos á verba acesa de Curros, ó alento épico de Cabanillas... Os galegos, “un pobo á defensiva”, na frase de Sánchez Albornoz, que, a par do broquel da ironía — Alonso Montero é o creador de *Pedro Petouto*— podían tamén valerse da fouce feridora. Diante dos contrapostos, Rof Carballo facía-nos reparar na simboloxía do Pórtico de Mateo, onde a exaltación apocalíptica se ergue sobre o berro escultórico, caricaturesco e crítico, dos monstros.

Pero non deixabamos de percibir que a palabra e máis aínda a música tenen, pola súa “plurivocidade” un podería que pode fuxir ás intencións dos creadores. Unha coral relixiosa dá base a unha proclama violenta da revolución francesa e se converte en secular himno patriótico dun pobo que xa non pensa en encher de sangue os regos dos arados. Un mesmo cantar pode alentar ós dous bandos en loita. E baixo a aparencia dunha louvanza ó poder pode agacharse un berro de rebeldía.

O poeta, se o é de certo, está comprometido, polo propio sino da creación, á desconformidade contra o que non é poesía —xa o dixo Jakobson— e a prol da propia singularidade, da súa “señardá”. Esta actividade o leva, co Amor, a unha radical oposición ó Mal, onde se atope. Nin o Mal nin a Morte poden coa Poesía. Nas *Cantigas de Mar* dicía eu no 1941:

Porque non tolle a morte o arbore das cantigas
eu vos chamo, segreles, que veñades cantar...

Xesús Alonso Montero sabe escoita-la chamada da poesía, onde ela resoe. É tal que un petrucio do Ullán que, na sagra noite dos maios, percorre as leiras co seu fachuco aceso. É un conductor que alomea os eidos, que esconxura, que augura e benzoa: mestre crítico, guieiro.

Benvido á Academia e que comparta longos anos o seu facer.